



Teatro Moda  
Fotografía Poesía  
Banda deseñada  
Graffiti Música  
Relato breve  
Videocreación  
Artes plásticas  
Deseño de xoias



# Xuventude Crea Premios 2015

# Xuventude Crea Premios 2015

Xunta de Galicia  
Consellería de Política Social  
Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado

Santiago de Compostela 2016

Edita: Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.  
Consellería de Política Social, Xunta de Galicia

Realización: Inquedanzas Publicitarias SL

Autor cartel portada: Ángel Alberto Otero Frías

Imprime: Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

D.L.: C 468-2016.

# ÍNDICE

Presentación do conselleiro de Política Social, José Manuel Rey Varela	5	<b>Especialidade de Música</b>	
		Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	69
		Premiados	
Presentación da directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez Suárez	7	Diariodeverano	70
		Fripp & Kitte	72
		Ofrmates	74
		Umbrá	76
<b>Especialidade de Artes Plásticas</b>		<b>Especialidade de Moda</b>	
Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	9	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	79
Premiados		Premiados	
Beatriz Sieiro Caramés	10	Irene Muíños Pereira	80
Ruth de Miguel Díaz	12	Yolanda Román Vázquez	82
Adrián Taracido Fernández	14	Iria Carrera Chapela	84
Javier Sande Iglesias	16		
Adrián Penido Núñez	18	<b>Especialidade de Poesía</b>	
Carlo Copa Josenge	20	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	87
Silvia Capelo Álvarez	22	Premiados	
		Brais Lamela Gómez	88
<b>Especialidade de Banda Deseñada</b>		Mónica Sánchez Rodríguez	94
Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	25	Andrea Arís Couso	100
Premiados		Sonia Martínez López	108
Xulia Pisón Egea	26	Celia Parra Díaz	114
Inés Vázquez Ramallal	28	Fabián Freixedo Fariñas	118
Daniel Corrada Rodríguez	30		
		<b>Especialidade de Relato Breve</b>	
<b>Especialidade de Deseño de Xoias</b>		Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	125
Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	33	Premiados	
Premiados		Brais Lamela Gómez	126
Sonia Fernández Gandásegui	34	Andrés Carrasco Solla	132
Paula García Carballal	36	Xacobe Pato Rodríguez-Gigirey	138
Eva Baqueiro Gil	38	Héber Fernández Pérez	144
Alejandro Rodeiro Mauriz	40	Rubén Pérez Pombo	150
<b>Especialidade de Fotografía</b>		<b>Especialidade de Teatro</b>	
Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	43	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	155
Premiados		Premiados	
Alejandro Lorenzana Velasco	44	Vacaloura Teátrica	156
Breogán Alamancos Millán	46	Pinchacarneiro Teatro	158
Carla Pérez Vázquez	48	Fusco e Lusco	160
Estefanía André Feijó	50	Non si? Teatro	162
Lara Torres Rodríguez	52		
Tania Cuiña Gómez	54	<b>Especialidade de Videocreación</b>	
Charo López Sánchez	56	Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	155
		Premiados	
<b>Especialidade de Graffiti</b>		Inés Mirás Vieites	166
Membros do xurado do certame Xuventude Crea 2015	59	Denisse Lozano Hermida	168
Premiados		Estela Suárez Recouso	170
Ramón Conde-Corbal Varela	60	María del Pilar Boulosa Álvarez	172
Tirso Paz Sans	62		
Abraham Caride Fernández	64		
Marcos Lamas Bestilleiro	66		



A escritora estadounidense Mary Lou Cook di que “a creatividade é inventar, experimentar, crecer, tomar riscos, rachar coas regras, cometer erros e divertirse”. Esta é a filosofía do Certame Xuventude Crea, que promove a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado. Contribuír a que os mozos e mozas galegos poidan descubrir por si mesmos todas as capacidades que levan dentro e axudar a descubrir novos talentos a Galicia e ao mundo.

Os artistas que conforman este catálogo están chamados a ser os deseñadores, actores, escritores, directores de cine, debuxantes, pintores e artistas que van representar a nosa terra nun futuro moi próximo. A cultura e a creación en Galicia vai depender deles.

Queremos que os novos creadores collan impulso para a carreira de fondo que teñen por diante. Unha carreira difícil –como todas–, pero tamén apaixonante. E queremos que o fagan dende a maior das liberdades creativas. Esa é unha das máximas coas que traballamos no eido da xuventude: queremos escoitar as propostas dos mozos e mozas, e darlles voz, sen poñer coto de ningún tipo.

Talento, imaxinación e creatividade son virtudes propias da nosa mocidade. Dende a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Política Social estamos decididos a poñer en marcha os programas, medios e recursos necesarios para facer aflorar todo ese potencial.

José Manuel Rey Varela  
Conselleiro de Política Social



Máis de 350 mozos e mozas participaron na edición 2015 do Xuventude Crea, a principal mostra da creatividade xuvenil en Galicia.

Participar no Xuventude Crea contribúe ao crecemento persoal dos/as artistas do futuro de Galicia. Traballar directamente coa mocidade tenme permitido comprobar no día a día a inesgotable creatividade, o talento e a imaxinación dos mozos e mozas galegos.

Estou convencida de que as capacidades da mocidade galega non teñen límites. Pero tamén é moi importante poder canalizar ese potencial, para seguir aprendendo e mellorando día a día.

O noso obxectivo con Xuventude Crea non é outro que darlle pulo á esa creatividade, e dotala de ferramentas e programas para canalizala e poñela en valor.

Pero o talento -que é a riqueza máis importante coa que contamos- é exclusivamente da mocidade galega.

Agardamos que Xuventude Crea cumpra coa súa finalidade principal, e se converta no trampolín para converter a estes mozos e mozas nos creadores e artistas do futuro de Galicia.

Cecilia Vázquez Suárez

Directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE ARTES PLÁSTICAS*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Mercedes Rozas Caeiro  
Pedro Miguel González Galilea  
Esperanza Lema Bouzas  
José Eduardo López Valiña  
Miguel Couto Cotelo

**Secretaria:**

María Asunción García Cao

## Beatriz Sieiro Caramés



### BEATRIZ SIEIRO CARAMÉS

Pontevedra, 12/02/85

#### FORMACIÓN ACADÉMICA

2008 Licenciada en Belas Artes. Especialidade Debuxo / Pintura, Universidade de Vigo.

2009 Cursos de doutorado *Modos de coñecemento da práctica artística contemporánea*, Bienio 08/10, Facultade de Belas Artes, Universidade de Vigo.

2010 D.E.A., Diploma de Estudos Avanzados, Departamento de Debuxo Escultura e Pintura, Universidade de Vigo.

#### EXPOSICIÓNS

2015 *Novos Valores*, Museo Provincial de Pontevedra, Pontevedra/ 2014 *Xénero e artes visuais en Uvigo* Sala X, Belas Artes, Pontevedra/ 2013 *Creamos(nos) II*, CENIMA, Centro de Interpretación Lucense, Foz, Lugo/ 2011 *-Estamos (I) Somos (+D)2/We Are (and) Weare (+of) 2º* Biblioteca pública do Campus de Ourense, Ourense/ 2010 *ArtXove* Casa da Cultura de Pontedeume, A Coruña./ 2010 *Beliba*. Performance co colectivo L.I.B.A. en Serralves em festa, Serralves, Oporto (Portugal)/ 2009 *Todo en caja*, Centro Sala Lai, Xixón, Asturias./ 2009 *Suxeitos difusos en redes severas*. Casa das Campás, Pontevedra./ 2009 *Estrategías urbanas deslocalizadas* Casa da Cultura, Vigo, Pontevedra/ 2009 *Desea, piensa, parpadea* Centro de Arte e Creación Industrial Laboral, Xixón, Asturias/ 2009 *Please Wait*, Sala X, Facultade de Belas Artes, Pontevedra/ 2009 *Perfo(re)searches* Performance co colectivo L.I.B.A en Serralves em Festa 2009 Oporto, Portugal. *Desfunción 09*. Performance co colectivo L.I.B.A praza Mugartegui, Pontevedra./ 2009 *Voila la femme*, Ateneo Santa Cecilia, Marín, Pontevedra/ 2008 *Uns Cen Quilómetros Cadrados*. Casa da Cultura de Serra de Outes, A Coruña.

#### PREMIOS E BOLSAS

2006 *Festa da Troita* 1º premio de carteis Pontecaldelas.

2009 Colectivo L.I.B.A, vencedor do concurso de *proyectos artísticos para Serralves emFesta,09*. Oporto (Portugal).

Bolsa de Investigación de Terceiro Ciclo, Modalidade A. nova adjudicación Vicerreitoría de Investigación, Universidade de Vigo.

2010 Bolsa de Investigación de Terceiro Ciclo, Modalidade B. Prórroga Vicerreitoría de Investigación, Universidade de Vigo.

*Sen título*



## Ruth de Miguel Díaz



### RUTH DE MIGUEL DÍAZ

27/09/1988

#### FORMACIÓN ACADÉMICA

2006-2011. Licenciatura en Belas Artes. Universidade de Salamanca.

2011-2012. Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional e de Ensinanza de Idiomas. Universidade de Vigo.

2012-2013. Mestrado en Arte Contemporánea. Creación e investigación. Universidade de Vigo.

2012-2013. Inglés nivel B2.

#### EXPOSICIÓN COLECTIVAS

2013. *Eso sigue su curso*, Sexto Edificio do Museo de Pontevedra.

#### PREMIOS

2015. Primeiro premio Xuventude Crea, Artes Plásticas. Xunta de Galicia.

2014. Accésit. "XIV Certame de Pintura Rápida Cidade de Lugo".

2013. Premio ao Artista Local. "XIII Certame de Pintura Rápida Cidade de Lugo".

2010. Seleccionada en Premio de Debuxo da Galería *Artis* Salamanca.

*Habitar, erosión e ruína*



## Adrián Taracido Fernández



### **ADRIÁN TARACIDO FERNÁNDEZ**

*Cedeira (A Coruña) 1986*

Obtén o “Título de Técnico Superior en Artes Aplicadas á Escultura” na EASDPP (Escola de Artes e Superior de Deseño Pablo Picasso), no ano 2009. Nese mesmo ano, matricúlase na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, continuando no ano 2014 co Mestrado de Investigación e Creación en Arte Contemporánea na mesma facultade.

Participou en varias exposicións colectivas, Artexove 2008 e 2009 en Pontedeume e nas colectivas da EASDPP no Fórum Metropolitano da Coruña nos anos 2008 e 2009. No ano 2013, participa na exposición titulada “Medidas Impopulares” no Barco de Valdeorras e Barosa Líquida 2013, no Concello de Barro. No ano 2014 é gañador dun Accésit da fundación Francisco Asorey e é un dos participantes da exposición “Eso sigue su curso 2014” no museo da Deputación Provincial de Pontevedra (Sexto Edificio). Durante 8 meses reside en Cork (Irlanda) onde colabora como bolseiro e voluntario en Cork Community Art Link, unha empresa dedicada á realización de espectáculos e eventos artísticos para a cidade.

É no ano 2015 cando realiza a súa primeira exposición individual na sala de exposicións do Palacete (Cedeira), titulada “O corpo como obxecto” e organiza o I certame de Pintura ao aire libre Vila de Cedeira. É un dos finalistas do II Certame de escultura Francisco Asorey (Cambados).

A maior parte dos seus traballos están feitos en cementos, escaiola ou resinas, utilizando para iso moldes de diferentes materiais. Adoita traballar investigando en materiais o paso do tempo ou a disfuncionalidade e abstracción dos obxectos.

Teñen moita influencia nas súas pezas as texturas naturais, rudas e mesmo erosións e corrosións.

*Diafanía*





## Javier Sande Iglesias



JAVIER SANDE IGLESIAS

Licenciado en Belas Artes, Universidade de Salamanca. En cuarto curso obtén una bolsa Erasmus de nove meses na *Académie Royale des Beaux Arts de la Ville de Liège* (Bélxica). En 2012 realiza o *Mestrado en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, especialidade de Artes Plásticas* na Universidade de Santiago de Compostela. Foi bolseiro pola especialidade de pintura na *Fundación Antonio Gala para novos creadores. XII Promoción* (2013-2014).

Participou en varias exposicións colectivas, entre as que caben destacar: *La Miniature*, dentro do marco da *8ª Biennale Internationale de Gravure Contemporaine* (Liège, Bélxica 2011), *Identities* (Centro sociocultural Praza Trujillo, Salamanca, 2012), *BarbantiaRte* (Museo de Gravado á Estampa Dixital de Artes, Ribeira, 2013 e 2014), e o *32 certame de pintura Concello de Cambre* (2015). Así como exposicións individuais nas Casas da Cultura de Noia, Boiro e Portosín.

*Remigio*



## Adrián Penido Núñez



**ADRIÁN PENIDO NÚÑEZ**

A miña idea de obra de arte non se sustenta sobre unha técnica específica, senón en función das propiedades simbólicas que calquera material ou obxecto poida ofrecer, así como as relacións que pode manter este, co contexto onde participa ou se inscribe.

Asumo a práctica artística dende a propia experiencia. Busco trasladar estas mesmas sensacións a un público que pretendo converter en parte ou mesmo en creador da obra. No meu traballo exploro esta relación entre o interese que impulsa a creación e o que motiva á observación do espectador a sentir ese mesmo interese, esa sensación, esa necesidade, que o involucre e o faga participe. O meu quebracabezas é conseguir captar a atención do público para suscitar a súa intervención, pero, ó mesmo tempo, deixar a suficiente liberdade para non condicionar a súa interacción. Trato de producir unha alteración que cambie a percepción do entorno dando unha pista, unha regra que inicie o "xogo".

As primeiras inquedanzas encamiñáronme cara ao deseño e á ilustración, o que me empurrrou no 2008 a comezar os estudos artísticos, na EASD Antonio Fálde (Ourense), obtendo no 2010, o título de Técnico Superior de Artes Plásticas e Deseño en Ilustración.

Neste período encontrei novos intereses que ampliaron a miña bagaxe. Durante o seguinte ano, desenvolvín, de maneira autodidacta, estas novas vías, poñéndome en contacto con outros artistas, participando en numerosos certames artísticos e realizando a miñas primeiras exposicións. Foi un momento cruce, unha experiencia chea de acertos e tamén de erros, aínda que ambos sementes do coñecemento, que quedan rexistrados a través da evolución ao longo de toda unha serie de traballos, que dan testemuño da experimentación, a indagación e a aprendizaxe, levados a cabo nun intento de dar resposta, por un lado, a miñas propias inquedanzas e por outro ás sucesivas suxestións, críticas, comentarios ou achegas externas.

Nese afán por continuar progresando, ingreso no 2011 na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, Universidade de Vigo. Obtendo no 2015, o título de Graduado en Belas Artes.

Actualmente continuo a miña formación cursando o Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural, tamén na Universidade de Vigo.

## *Conciencia plástica*



## Carlo Copa Josenge




CARLO COPA JOSENGE

Apaixóname a pintura en especial a escultura. A arte visual para min é unha necesidade de expresión, de sentimentos reprimidos e un método de desenvolvemento persoal, tamén considero que serve para admirar a realidade ao intentar representar ou reinterpretar as súas formas. As técnicas e materiais que probei ata agora son: pintura ao óleo ou acrílica, debuxo a lapis, gravado e técnicas de estampación, acuarela, tatuaxe, escultura de arxila e escaiola, máscaras e caracterización de látex ou silicona etc. Tamén utilizo materiais improvisados para conseguir o resultado desexado.

A obra *Puzzle de fluidofaunorostros* é un deseño feito a lapis dun baixorrelevo, representa a imaxinación e como esta rodea ao individuo e acaba formando parte deste para así compoñer a súa realidade ficticia, contén 460 rostros con distorsión de animais, os cales teñen distintos graos de dificultade para ser visualizados, algúns rostros están formados por outros rostros que á súa vez forman parte doutros e así sucesivamente. A textura da maioría dos rostros é a de iris dos ollos humanos, o estilo é escuro e moi orgánico.

*Puzzle de FluidoFaunoRostros*



## Silvia Capelo Álvarez



**SILVIA CAPELO ÁLVAREZ**

*1985, Bienne, Suiza*

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo (2009), na especialidade de debuxo e pintura. Actualmente é estudante de Doutoramento na USC, onde pertence ao grupo de investigación LITER21, analizando as ilustracións dos libros editados en Galicia.

Indaga sobre a educación artística e o debuxo como medio de expresión, acción e pensamento creando diferentes talles e proxectos nos que convida á comunidade á representación do debuxo a partir do movemento corporal. O último proxecto realizado foi a Maratón do Debuxante (2015), subvencionado polo programa Iniciativa Xove.

Dentro do mundo da arte, é cofundadora do Colectivo Artístico 20°65%, realizou numerosas exposicións itinerantes, tanto en Galicia coma no estranxeiro, como Identitas, 8K de Memoria, Camiños en Fe-minino e o Proxecto Andante.

*Trazos físicos da terra*









*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE BANDA DESEÑADA*

**Presidente:**

José Selas Souto, xefe territorial da Consellería de Política Social de Ourense

**Vogais:**

Natalia Figueiras Pimentel  
Jorge Campos Sánchez  
Luchy Polo  
María Rosa González Iglesias  
María Pinal Trashorras

**Secretaria:**

María Mercedes Valeiras González

## Xulia Pisón Egea



### **XULIA PISÓN EGEA**

*A Coruña, 1985*

Realicei estudos de Ilustración na EASD Pablo Picasso da Coruña.

No ano 2014 e 2015 participei en exposicións do Colectivo Miñoco de Ilustradores, celebradas no Café de Macondo da Coruña.

En 2015 editei o fanzine de tiras cómicas McCactus e realicei unha exposición individual no Belmont, da Coruña. Gañei o primeiro premio no concurso de carteis do XXXVI Festival Irmandiño de Moeche.

Igualmente recibín unha mención especial no certame das XXVII Xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Tamén recibín o primeiro premio na categoría de banda deseñada do Certame Xuventude Crea 2015, da Xunta de Galicia.

En 2016 participei na exposición "O ano no que nacimos" do Colectivo Miñoco, celebrada no Fórum Metropolitano da Coruña.



## Inés Vázquez Ramallal



**INÉS VÁZQUEZ RAMALLAL**

*A Coruña, 1993*

Está a cursar o terceiro ano do curso de BD pro no Garaxe Hermético.

Gañou os VI Encontros de Banda de Deseñada na Mariña e participou nos cómics de *A vila dos debuxantes do Norte* e *221BD*.

Colaborou co fanzine *Hermético* e coa revista *Ensueños* ademais de participar na exposición *Spirou de Champiñac a Pontevedra*.

# Eulalia e o bosque dos aparecidos



# Daniel Corrada Rodríguez



DANIEL CORRADA RODRÍGUEZ

## ESTUDOS

- Bacharelato de Artes plásticas (Escola de Arte de Oviedo).
- Ciclo superior de Ilustración (Escola de Arte de Oviedo).
- Actualmente cursando o terceiro ano en O Garaxe Hermético (Escola profesional de cómic e ilustración).

## PUBLICACIÓNS

- Colección Cornelius nº 1: "A vila dos debuxantes do Norte" (Retranca editora S.L.) (2014)
- Colección Cornelius nº 2: "221BD" (Retranca Editora S.L.) (2015)
- Fanzine Hermético nº2 (Autoedición) (2015)

# Tódalas bruxas son malas









*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE DESEÑO DE XOIAS*

**Presidenta:**

Elena Fabeiro Castro, xerente da Fundación Centro Galego de Artesanía e do Deseño

**Vogais:**

María Noelia Peña Pérez  
José María Mayer Segade  
Miguel Rodríguez Bertojo

**Secretaria:**

Purificación Ruido Conde

## Sonia Fernández Gandásegui



**SONIA FERNÁNDEZ GANDÁSEGUI**

Ola!

Son...?

Sonia, deseñadora industrial polivalente especializada en xoiaría artística. Adoro viaxar, os longos paseos co can pola praia, montaña ou río, a música en directo, as exposicións, ler antes de durmir, cociñar, sacar fotos, ver unha tempada seguida da serie á que estou enganchada...e un longo etcétera!

Traballei...?

Oficina técnica en Cándido Hermida, Narón

Deseñadora de xoiaría por impresión 3D en Stilnest, Berlín

Deseñadora gráfica/packaging en Per-Pack, Bcn

Deseñadora gráfica/produto en Perspectica, Bcn

Fixen...?

C.S Xoiaría Artística en EASD Mestre Mateo, Santiago

Posgrao en deseño de mobiliario, ELISAVA, Bcn

Grao en Enxeñaría de Deseño Industrial, Ferrol

e tamén...bolsas Youth in Action en Serbia e Lituania, erasmus en Berlín, cursos de deseño gráfico, de maquetas e prototipos, de renderizado fotorrealístico, de fotografía, residencia artística de ecodeseño en Gran Canaria, intercambios en Francia...

Sei..?


Inglés e francés con nivel alto e un pouco de italiano

Fotografía analóxica e dixital

Máis...?

[facebook.com/soniagandasegui](https://facebook.com/soniagandasegui)

# Migracións



## Paula García Carballal



**PAULA GARCÍA CARBALLAL**

### FORMACIÓN

Curso de *técnicas de venta de atención al cliente* impartido por FORGA (2014).

Curso de *Patinas e acabados artísticos* na Escola de Xoiería Mestre Mateo en Santiago de Compostela (2013).

Ciclo de Grao Medio de Procedementos de Xoiería Artística. Centro de Artes Plásticas e Deseño "Atlántico" (2012).

Curso de Formación Xeral en: Xoiería Artesanal e Artística, Engaste e Gravado de Xoias e Deseño de Xoiería. Escola Técnica de Xoiería do Atlántico.

Curso de *Esmaltes ao lume* na Escola Técnica de Xoiería do Atlántico (16h).

Curso de *Xemoloxía comercial* na Escola Técnica de Xoiería do Atlántico (2010).

*Plumas para volar*



## Eva Baqueiro Gil



**EVA BAQUEIRO GIL**

*Pontevedra, 12/02/85*

### ESTUDOS

- Xoiaría artística (Escola do Atlántico)

### EXPOSICIÓNS

- 10 anos de xoias de autos no atlántico - Museo de Pontevedra
- 10 anos da xoia de autor no atlántico - Corte Inglés de Vigo (sección xoiaría).
- Terceiro premio Xuventude Crea 2015
- Desfile de xoiaría na pasarela de moda Runway Galicia 2015
- Cetro realizado para o certame de beleza Guapo de España 2015 celebrado no museo do automóbil de Málaga.
- Coroa e cetro realizados para o certame de beleza Rei e Raíña da beleza España 2015 celebrado no Teatro circo de Albacete.

*Suspiros de liberdade*





## Alejandro Rodeiro Mauriz



**ALEJANDRO RODEIRO MAURIZ**

*Mugardos, 10 de marzo de 1988*

### FORMACIÓN ACADÉMICA

**E.X.B.** no Colexio Santiago Apóstolo de Franza .

**E.S.O.** ata 2º no IES de Mugardos .

Debido á minusvalía cun grao do 78% recoñecido desde o 20/09/1995 con carácter definitivo, non puíden seguir cos estudos e tiveron que acudir a un colexio de educación especial, o “Carmen Polo” de Ferrol para nenos con discapacidade física e intelectual, deixándoo á idade de 22 anos pois só se pode estar ata esta idade.

Curso de Xoiería en Grumico desde setembro de 2014 continuando na actualidade.

### EXPERIENCIA

Participei no ano 2015 no programa “Xuventude Crea” da Xunta de Galicia na especialidade de Deseño de xoias, recibindo a mención de honra.

### REFERENCIAS

O curso que estou facendo de xoiería, sérveme para estar moi motivado e ter aspiracións de futuro.

*A árvore da vida*







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE FOTOGRAFÍA*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Xoán Arias Soler  
Xoán Álvarez Rey  
Emilio Lavandeira Villar  
Gustavo Rivas Moure

**Secretaria:**

María Belén Pardal García

## Alejandro Lorenzana Velasco



### ALEJANDRO LORENZANA VELASCO

20 de maio de 1987

### FORMACIÓN ACADÉMICA

Graduado en Belas Artes (Universidade de Salamanca 2010-2014)

Técnico Gravado e Técnicas de estampación (Escola de arte León 2007-2010)

Bacharelato Artístico (Escola de arte 2005-2007)

### COMPLEMENTARIA

Curso de Gravado 200 horas na Escola de arte Pablo Picasso 2015

### EXPERIENCIA

150 Horas de prácticas no Taller de gravado José Sevillano (León 2009)

18 meses como ilustrador e Diseñador en Pro-xecto Alpha Productions S.L. (Salamanca 2012-2013)

### EXPOSICIÓN

Exposición pintura e fotografía, "Xuventude Crea" Facultade de Historia Santiago de Compostela 2015.

Exposición na Casa da Moeda Madrid, Calcografía Nacional (Novos creadores 2015).

Exposición colectiva no Centro Cultural Noia *Juan Jose Fernandez Leiciaga* 2015.

Exposición colectiva *Agrabados* na Escola de Arte e Superior de Deseño Pablo Picasso, A Coruña 2015.

Exposición Proxecto Final de Grado *En torno al retorno* (Universidade de Salamanca 2014).

Exposición colectiva *Jovenes creadores* (Concellería xuventude Salamanca 2014).

Exposición pintura e gravado *Hall of fame* Can Vermouth (Menorca 2013).

Exposición pintura Espazo vías *En torno al retorno* (León 2012).

Exposición, Concurso de cómic (Casa da cultura San Andrés del Rabanedo 2012).

Mostra de gravado *Pecados Capitales* (Casa da cultura La Robla 2012).

Exposición gravado *Pecados Capitales* (Escola de Arte de León 2011).

Exposición colectiva *Exposición más pequeña del mundo* (Universidade de Salamanca 2013).

Exposición *carteles de carnaval 2012* (Casa da cultura La Robla 2009).

### PREMIOS

1º premio Xuventude Crea 2015 de Artes plásticas, especialidade de fotografía.

Seleccionado na Calcografía nacional Certame de Arte Gráfica para Novos Creadores 2015.


2º Premio Novos Creadores Concellería de Xuventude Salamanca 2013.

Seleccionado no Gravado 13º San Marcos Universidade de Salamanca.

Seleccionado no Certame pintura rápida *Villa de La Robla* 2009.

Seleccionado no 11º concurso de cómic San Andrés del Rabanedo, León.

*Otro punto de vista*



## Breogán Alamancos Millán



### **BREOGÁN ALAMANCOS MILLÁN**

*Pobra do Caramiñal (A Coruña), 26/04/1991*

*Residencia actual en Lugo*

### **ESTUDOS**

Deseño Gráfico (2015 – actualidade)

Serigrafía Artística (2014 – 2015)

Fotografía Artística (2011 – 2013)

Laboratorio de Imaxe (2009 - 2011)

### **PREMIOS**

Gañador 1 Premio *Xuventude Crea* (2015 - Santiago de Compostela)

Mención de Honra *Serigrafía Fotográfica* (2015 - Barcelona)

Finalista *ExpoFoto Narón* (2015 - Narón)

Gañador 1 Premio *O rincón máis luminoso de Lugo* (2013 - Lugo)

3 Accésits *Xurxo Lobato* (2010, 2011, 2013 - A Coruña)

### **EXPOSICIÓNS E PUBLICACIÓNS**

Exposición *Xuventude Crea* (2015 - Santiago de Compostela)

Publicación no mellor portal fotográfico do mundo *1x.com* (2015 - Internacional)

Publicación *Revista Mambo* (2014 - España)

Exposición colectiva *Art Xove* (2014 - Pontedeume)

Exposición colectiva *Bus Station Space* (2013 - Santiago de Compostela)

Exposicións itinerantes *Xurxo Lobato* (2010, 2011, 2013 - Galicia)

*Galiza is different*





## Carla Pérez Vázquez



**CARLA PÉREZ VÁZQUEZ**

*Boqueixón, 1993*

Párase nos detalles e séntese fascinada por esas cousas nimias aparentemente simples que pasan desapercibidas con facilidade. Busca a beleza nas cousas pequenas, captadas a través do obxectivo da súa cámara, tanto de vídeo como de foto.


Atopou no cinema a súa vía de escape perfecta por onde canalizar todas as súas preocupacións e mostrar a súa particular forma de ver e entender o seu mundo interno, por este motivo estudou Comunicación Audiovisual en Pontevedra. Durante os seus anos como universitaria, tivo a posibilidade de estudar por un curso na Universidade Lusófona de Lisboa, no curso de Cine, Vídeo e Multimedia. Alí puido adquirir uns coñecementos máis enfocados á dirección, guión e arte na ficción cinematográfica e tivo a gran oportunidade de realizar a súa primeira curtametraxe nunha escola de cinema, seleccionada en varios festivais internacionais e galardoada como Mellor Ficción no Festival OjoalSancho de Bogotá.

Coa cámara nunha man e a paixón polo cinema noutra, continúa a realizar os seus pequenos proxectos fotográficos e obras audiovisuais, na busca constante pola beleza nas cousas pequenas.

*Espellos, espacio de reflexión*



# Estefanía André Feijoó



## ESTEFANÍA ANDRÉ FEIJOÓ

Vigo, 13 de novembro de 1991.

### FORMACIÓN

**2015-2017** (cursando actualmente)

Ciclo superior de Iluminación, captación e tratamento de imaxe,  
Instituto Audiovisual de Vigo.

### Marzo-xuño (2014)

Desenvolvemento de Produtos Editoriais Multimedia.  
Certificado de Profesionalidade ARGNO110. Grupo Femxa.

### 2009-2013

Grao en Traballo Social. Facultade de Ciencias da Educación.  
Universidade de Vigo. Ourense.

### EXPERIENCIA LABORAL

Agosto-febreiro (2014-2015): Técnico de edición en Adquero Servicios Integrados S.L.

Setembro-décembro (2012): Traballadora social. Prácticum realizado no hospital Xeral-Ciés de Vigo.  
Universidade de Vigo.

### OUTROS DATOS DE INTERESE


Informática:

Nivel intermedio nas seguintes ferramentas de *Adobe Creative Suite Master Collection CS6*:  
*Photoshop, InDesign, Illustrator, After Effects e Audition.*

### RECOÑECEMENTOS E PREMIOS

2º premio recibido pola miña obra fotográfica "Pegadas", presentada ao certame de Xuventude Crea 2015 e exposta na Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela.

*Pegadas*



## Lara Torres Rodríguez



LARA TORRES RODRÍGUEZ

Son rianxeira de nacemento pero vivo en Santiago de Compostela desde hai moitos anos. Sempre me interesou o mundo das artes gráficas e desde moi pequena asistín a clases de pintura, primeiramente como unha maneira de expresarme e de divertimento. Co paso dos anos vin que podía converter a miña paixón nunha profesión e non dubidei en orientar os meus estudos nesa dirección.

Actualmente son Técnico Superior en Ilustración e graduada en Belas Artes. Unha vez rematei a miña etapa formativa saín ao mundo presentándome como ilustradora. Aínda estou nos inicios pero espero que ofrecendo un produto de calidade, prestando atención aos detalles e con moito esforzo e perseveranza, a miña carreira vaia ascendendo pouco a pouco.

Xunto coa ilustración tamén me encanta a técnica do gravado e a fotografía. Apaixóname fusionar elementos que a priori non parece que poidan encaixar e funcionar de forma estética e atractiva pero finalmente sexa polas formas e as cores ou pola mensaxe que enmascara, si que dan resultados suxestivos.

Polo de agora estou enfocada á ilustración aplicada a produto pero nun futuro espero introducirme no mundo editorial.

*Poemas obxecto*



## Tania Cuiña Gómez



### TANIA CUIÑA GÓMEZ

*Silleda 1987*

### FORMACIÓN ACADÉMICA

Técnico superior en Fotografía Artística pola EASD Antón Faiñe de Ourense en 2014

Licenciada en Belas Artes pola Universidade de Vigo en 2010

### PREMIOS E EXPOSICIÓNS

**2015** Exposición colectiva na A.V. Vista Alegre de Bandeira.

**2014** 3º premio no I Maratón fotográfico de Ourense.

**2011** XXI Concurso de pintura *Bello Piñeiro* do Concello de Mugardos.

**2010** Finalista na modalidade de pintura no Xuventude Crea.

**2009** XIV Mostra Art Xove Pontedeume.

**2009** 3º premio no IV Concurs de Pintura Rápida del Centre Cívic Sarrià (Barcelona).

**2008** XIII Mostra Art Xove Pontedeume.

**2007** Finalista na modalidade de pintura no GZCrea.

*Recordo*





## Charo López Sánchez



**CHARO LÓPEZ SÁNCHEZ**

*Bairo, 1988*

Estudei xornalismo na USC e fotografía na ESAD Antonio Faílde. Formo parte do equipo editor da revista de fotografía online caleidoscopica.gal. Participei nas exposicións colectivas *pase(en)* e *vexan*, do Outono Fotográfico (2011) e *muller, arte e creatividade*, Museo Municipal de Ourense (2012). En escrita participei na modalidade de poesía no *catálogo de novos creadores do Barbanza*, editado por Leña Verde (2007), recibín o primeiro premio de poesía Xuventude Crea 2014 compartido con Brais González. E tamén o Fiz Vergara Vilarinho en 2015.

A necesidade de comunicar busca formato, letras, sons, cores. A imaxe fixa e o texto conseguen ser as ferramentas -de maneira complementaria ou independente- que me axudan a interpretar e describir unha realidade complexa. Creación e comunicación difuminanse; reflexión e expresión son pancas. Para saltar, ou camiñar, cando menos.

*Do ermo*







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE GRAFFITI*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Amabel González Troncoso  
Pow  
Sokram  
Antony

**Secretaria:**

María Asunción García Cao

## Ramón Conde-Corbal Varela



### RAMÓN CONDE-CORBAL VARELA

Ourense, 21 de decembro de 1985

Nome artístico: Mon Devane

Diplomado en Deseño Gráfico

Técnico Superior en Arte Superior e Deseño en Ilustración

### EXPERIENCIA PROFESIONAL

#### Traballos profesionais para entidades públicas:

Concello de Verín (2015), Concello de Ourense (2014), Concello de Ribadavia (Feira do Viño, 2014), C.P.I. Terras de Maside (2013), I.E.S. Taboada Chivite, Verín (2013), C.D. Ourense (2012), Asociación de comercios de Ourense (2010), A Ramallosa, Concello de Nigrán (2010), Outros...

#### Traballos profesionais para particulares:

Renovación de transformador para FENOSA (Ourense, 2014), Decoración Box Hospital de La Paz (Madrid 2014), Graffiti e viño. Pintura para etiquetas Adegas Pousadoiro Ribeiro (2014), Persianas de locais comerciais: Tatuajes Pintapel, Academia de Baile Sabrosura, Indiana Bill..., Murais interiores: Crossfit Ourense, Perruquería Tito Heidelberg, Espacio Cultural elcercano.com, Gimnasio OldSchool, La Estación de Loman, Outros...

#### Organización e participación exhibicións de arte urbana:

C.P.I. Terras de Maside (2013, 2012), A Trincadeira, Vilagarcía de Arousa (2012, 2011, 2010), Megaxove Ourense (2012), Festival Edición Especial, Ourense (2012, 2011), Festival Arteficial, Ribadavia (2014, 2011, 2009), Maio Xove, Ourense (2010), Outros...

#### Aparicións televisivas:

Onde quedamos? TVG, Reportaxe Xente Emerxente. V Televisión, Programa Luar 1.001 TVG.

*Festa neón*



## Tirso Paz Sans



**TIRSO PAZ SANS**

*Bubblegum* é o alter ego de Tirso Paz, grafitreiro e tatuador nacido en Lugo en 1988. Desde que en 2004 tocou un spray por primeira vez, deixou a súa arte por centos de muros constantemente evolucionando e probando novos formatos. O seu estilo abarca desde o realismo ata o 3D en canto a letras.

Traballa moito a figura da muller e como as luces e sombras crean interesantes efectos e texturas na pel.

É un artista moi polifacético que converteu o graffiti no seu estilo de vida realizando numerosos traballos como muralista e decoración de interiores para particulares e empresas. Compaxina a súa paixón polos sprays coa tatuaxe.

*Mirada melosa*





## Abraham Caride Fernández




**ABRAHAM CARIDE FERNÁNDEZ**

O meu nome é Abraham, nacín en Ourense e creime entre Monforte de Lemos e Maceda. Estudei na Escola de Arte Antonio Falde o que me serviu para ser técnico superior en Artes plásticas e Deseño en ilustración e rematar os meus estudos superiores de Deseño Gráfico. Estudei tamén na "Elanguest English Language School" en Malta, na "Kobenhavs Tekniske Skole" de Copenhague e na Academia "Premir" en Beijing.

Fixen varias exposicións individuais en Ourense e en cidades como Braga ou Singapur. No 2014 gañei o premio do público á mellor obra en III Cromática: Bienal de Pintura Joven Fundación Cum Laude e actualmente sobrevivo facendo o que máis me gusta que é pintar graffiti, deseñar e axudar á xente a decorar os seus fogares, empresas, concellos ou o que se me poña por diante!

Enxebre




## Marcos Lamas Bestilleiro



**MARCOS LAMAS BESTILLEIRO**

[www.silcone.blogspot.com](http://www.silcone.blogspot.com)

*O rosto do querer*







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE MÚSICA*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Cristina González Vickberg  
Francisco Allo Suárez  
Gandy  
Cris Román

**Secretaria:**

María Jesús López Cernadas

## Diariodeverano



### DIARIODEVERANO

Iago Gordillo Trigo

Finaliza os seus estudos de *Grao medio de saxofón* no Conservatorio da Coruña en 2006. De 2004 a 2007 forma parte da banda Betadimm. Desde 2005 a 2011 é tenor do Coro da Orquestra Sinfónica de Galicia. En 2013 comeza o seu novo proxecto, Diariodeverano, no que se mantén na actualidade e que en 2015 recibiu o 1º premio Xuventude Crea 2015 na categoría de música polas composicións de "Non hai lugar" e "Todo va a ir bien".

Ademais, colaborou como saxofonista con artistas como César de Centi, Slam ou Fracasados de Antemano. Actualmente compaxina a faceta puramente musical coa de técnico de son en Radio Coruña Cadena Ser.

### TRABALLOS

#### EPS

2005 *Mejor ten fe* – Betadimm (composición 6 temas del EP)

2015 *El extraordinario hombre estacionario* – Diariodeverano – (6 temas)

#### SINGLES

2015 *Obsolescencia programada* – Diariodeverano

2015 *No hai lugar* – Diariodeverano

2015 *Todo va a ir bien* – Diariodeverano

#### OUTROS

2015 *O Canabacho de Pierrock* – Caruncho Teatro (Banda sonora teatral)

2015 *Filmday* – Vídeo promoción Kenneth Ilusionist

*Non hai lugar - Todo va a ir bien*





## Fripp & Kitte



FRIPP & KITTE

Nace da colaboración de dous artistas moi diferentes no seu percorrido.

Ambos cantantes e guitarristas, Laura Cuba, (Kitte) por un lado e Alejandro Almau (Jack Fripp) polo outro, percorreron camiños distintos ata xuntar as súas voces e cancións buscando entretecer as distintas influencias dos dous integrantes -que abranguen desde o country e blues a o pop e folk- nun son máis interesante.

Como resultado, obteñen unhas cancións que oscilan entre o western crepuscular e a dozura do pop-folk, con influencias tamén dos grandes clásicos do rock, caracterizándose por un directo que sempre vai in crescendo.

*Na noite escura - The bitter me*



## Ofmates



**OFMATES**

Somos un grupo musical formado hai aproximadamente un ano. As súas integrantes somos: Sabela Martínez Vilaboy, Sara Campos Díaz, Nélica Fachal Pérez e María Cabana Bedoya.

Presentámonos ao concurso na especialidade de música de Xuventude Crea 2015 coas cancións: *Ollos de auga* e *Scars*.

*Ollos de auga - Scars*



## Umbra



EDUARDO RAMOS NOVOA

Umbra nace como o meu álder ego tras ser incubado nos meus adentros durante unha época escura da miña vida. Encerrarme na miña estraña creación síveme para evadirme do mundo cando o preciso. A arte é osíxeno.

Os meus referentes fundamentais son Silvio Rodríguez, Sonny Moore e Nova Mejías. Intento experimentar con todos os estilos musicais.

*Azul - Devagar*







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE MODA*

**Presidenta:**

María Peón Fernández, xefa territorial da Consellería de Política Social en Vigo.

**Vogais:**

Heriberto Otero González

Cristóbal Vidal González

Ana Fuentes Crego

María Jesús Fuente Decimavilla

Mar Mato Pérez

**Secretario:**

José Antonio Rodríguez Fachado



## Irene Muiños Pereira



**IRENE MUIÑOS PEREIRA**

Estudei Deseño Téxtil e de Moda na escola de deseño Esdemga, que forma parte da Universidade de Vigo e Deseño gráfico en ACME, no Centro Autorizado de Apple, que ten sede en Santiago de Compostela.

Ademais, pasei por diferentes empresas téxtiles galegas, como Adolfo Domínguez, Caramelo e Comercial Téxtil Saroni, nas que estiven traballando dentro do equipo de deseño.

Presenteime ao Certame Xuventude Crea Moda por primeira vez no 2014, repetindo no 2015, cando resultei gañadora. Tamén participei na pasarela Galicia Fashion Week no 2014.

A partir do ano 2014, despois de traballar noutras empresas, decidín dedicar un tempo a traballar nas miñas coleccións, aproveitando este momento para seguir formándome e compaxinando todo cun traballo máis flexible, como vendedora para a firma Pepe Jeans.

Actualmente traballo dentro do equipo de deseño da firma de moda infantil Pili Carrera. Firma á que me incorporei a finais do ano 2015, neste sentido o certame achegoume a oportunidade de que na miña traxectoria profesional, comece unha nova etapa.

*Jane Rocks*



# Yolanda Román Vázquez



**YOLANDA ROMÁN VÁZQUEZ**

## EXPERIENCIA LABORAL

### Xullo 2015/Marzo 2016

- Studio assistant, Lee Paton (London)

### Setembro/Novembro 2014

- Pattern cutting/Studio assistant, Hermione De Paula (London)

### Xullo/Setembro 2014

- Studio assistant, Olya Shishkina (London)

## ESTUDOS

### 2012-2016

- Título Superior de Deseño, Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo.

### 2007-2009

- Ciclo Formativo de Grao Superior de Artes Plásticas e Deseño en Estilismo de Indumentaria, Escola Superior de Arte e Deseño Felicidad Duce.


### 2005-2007

- Deseñadora e estilista de moda, Escola Superior de Arte e Deseño Felicidad Duce

*Militante vanguardista*



## Iria Carrera Chapela



**IRIA CARRERA CHAPELA**

Actualmente estou estudando 2º curso de Deseño de Moda e Patronaxe na escola Pin Factory de Vigo. Anteriormente realicei o primeiro ano do ciclo medio de Moda e Patronaxe no CIFP Manuel Antonio de Vigo.

En canto á miña experiencia como deseñadora de moda, participei en tres desfiles: "Recíclate", en decembro de 2014 nas Galerías Durán; desfile de fin de curso en xuño de 2015 no Teatro García Barbón de Vigo e "Desfile Alternativo" en decembro de 2015 no centro comercial a Laxe.

Tamén fun finalista no "IV concurso de novos deseñadores Ferrol Fashion Night" en outubro de 2015.

A parte de deseño de moda, teño formación en deseño gráfico cos programas *Photoshop* e *Illustrator*.

*#tags for life*







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE POESÍA*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Guadalupe Gómez Arto  
Xosé Luna Sanmartín  
Luis González Tosar  
Victor Manuel Furelos Guillén

**Secretaria:**

Pilar Tamerón Montesinos



## Brais Lamela Gómez



**BRAIS LAMELA GÓMEZ**

Nacín en Vilalba en 1994 e vivín entre Vilalba e a Ponte de Outeiro dende pequeno. Empecei a escribir moi novo e levo acadado diversos premios literarios, entre os que se poden mencionar o Premio Ánxel Casal, o Premio Literario Minerva, ou o Premio Xuventude Crea. No ano 2011 participei na Ruta Quetzal grazas a un traballo histórico sobre as expedicións españolas no Amazonas. Entre 2011 e 2013 cursei o bacharelato internacional no Colexio do Mundo Unido do Adriático, en Italia. Actualmente gozo dunha bolsa para cursar estudos universitarios na universidade de Brown, nos Estados Unidos.

# *Memorias dun cuarto afincando en Nevermore*

*Un Nueva York básicamente de cuellos*  
Berta García Faet

*We wear it lightly here,  
where we live day-by-day  
on the same spot*  
Ted Berrigan

I

Quixemos un cuarto que esquecese as marxas.

Un mapa sen rastro de botas  
e tres táboas vellas sostendo a civilización esa –os libros.

Os poemas de Frank O'Hara foron o almorzo de cada mañá  
e a luz  
madeiras atopadas en naufraxios.

*Eran os días do monzón no corredor*

II

*Soundrack: Save it for a rainy day*

A choiva devora metros de reloxo  
e os paraugas ábrense coma bocas voraces

-pero dentro  
todo sucede coa cadencia das espigas

Neste conto de cidade asolagada  
os nosos corpos búscanse coma planetas diminutos  
e a curiosidade produce órbitas:

Arriba : O instinto faise movemento faise eléctrico faise lume faise aire.

Abaixo : Un derrame de flores salvaxes sangra o horizonte.

Arriba: Hai un incendio pero está noutra parte.

Abaixo: Pecho os ollos e vexo.

Así se perden as nosas substancias  
escoando polo abismo  
da tormenta de corpos que se chama Nova York

## Memorias dun cuarto afincando en Nevermore

### III

Inside the house: the sea  
Anais Nin

Lonxe dos nosos corpos  
miramos nacer un bosque.

Nestes instantes somos  
nenos fascinados polo movemento dos insectos  
agardando que a xeada constrúa o milagre dunha perla.

Cimbran no vento as nosas medulas  
e o instinto dun poema latexa  
ao fondo dos cromosomas

pero os nosos ollos son pura transparencia.

O frío adoece en espera  
nesta dimensión de ríos calados  
e eu mordo as raíces mesmas do momento:

estas as raíces do silencio que nos extingue  
estas as raíces da noite (quizais) estrelecida  
estas as raíces do sangue liberado que nos parte en dous

Nestes instantes a vida ábrese paso  
sucumben as estruturas do aire  
ao agromar primitivo  
do noso universo sen morte  
e eu miro baixo a terra  
e vexo nacer o bosque

## IV

*"O mundo tan grande e eu tanto libre albedrío!"*

Yolanda Castaño

As horas pasaban coma pesqueiros sobre o Hudson  
e as túas mans eran dúas pedras preciosas  
atopadas ás catro da mañá

pero non era suficiente

Un furor de teatros  
a cidade sangraba  
o seu corazón purísimo de aeroplanos  
respirando por mil ventás abertas

pero non era suficiente

E por iso saín á planicie  
o meu corazón unha fuga de veleiros  
buscando  
unha illa bonita para náufragos  
porque non era suficiente:

A roupa tendida a antuca a casa de campo a cociña de vitrocerámica a fin de semana a  
hora de comer a bicicleta estática a artrite a cama de matrimonio o loito a morte natural

Si, as túas mans eran dúas pedras preciosas atopadas ás catro da mañá  
pero eu levaba pólvora e magnolias baixo a pel  
e quería vender versos ata quedar  
tan espido  
coma un libro aberto sobre a mesa da cociña

## *Memorias dun cuarto afincando en Nevermore*

**V**

*Paredes decunchadas humano latexo  
todo fica na ferruxe da derrota  
Xulio L. Valcárcel*

Con toda a parsimonia das mareas  
deconstruímos un novo paraíso.

Agora esfiañamos refugallos de treboada  
e baleiramos dos cinseiros  
a febre e as noites intactas.

*Apreixa esta estampa:  
o estase enleado  
entre luces de Nadal  
coma un froito gris do inverno.*

As paredes espidas expoñen por primeira vez o soño.

Así recreamos esta cerimonia de silencios:  
cos ollos no horizonte  
e as linguas partidas  
dos que viven en Nevermore.

## Mónica Sánchez Rodríguez



**MÓNICA SÁNCHEZ RODRÍGUEZ**

*Monforte de Lemos*

Aínda que comezo a escribir arredor dos once anos e participo en recitais de poesía e gaño algúns premios do Certame Entre Nós en Galego; deixo de escribir ós 18 para retomar a actividade literaria no 2013, onde me presento ao Programa Xuventude Crea na especialidade de Poesía gañando o 3º premio co conxunto de poemas *Alimento Poeta: Branco*.

No 2015 preséntome de novo ao mesmo programa, na mesma especialidade, gañando o 1º premio co conxunto de poemas *O sosego do lodo*.

# *O sosego do lodo*

**1**

Medea fende en min  
os fillos que matou

**2**

Queremos ser máis que o porco  
aínda ser máis que a nosa futilidade  
queremos ser algo inscrito na terra que cambia a antollo

Carne, o fin e o cabo

**3**

Ancián o amplo navío  
perségume ca súa imaxe  
Sosegada  
descendo cara o  
naufraxio

**4**

Estraña necesidade de sentir a opresión  
de antigos días  
Soberbio o Polifemo con ollos de latón incrustados

Mírame e atráeme cara a súa gorida  
Soberbia inxestión a que comeza cun festín,  
diante min as viandas da vida e il,  
garante o fondo da desgracia.

**5**

O contorno de Ifigenia enfeitada con vermellos e azuis diluídos os  
fluídos entre a terra e o aire como un camafeo flotante

**6**

Hermas,  
Fronte a elas o meu corpo  
que levita sobre os cantos do río seco para  
recibirme na estación outonal dos caídos



**7**

E fago nacer o meu arredor escollos  
Harpías, Caribdis, Medusa  
coma ti os seus verdugos fixéronse vítimas

**8**

Transmutación na charca do élitro Dédalos  
viaxando co pranto  
polo tempo

**9**

Dominas correndo  
con vestidos crus  
Eu con forza  
e de negro loito

**10**

Fixou os seus ollos  
e a miña penumbra

**11**

Queres navegar e non tes nada Comezas  
cas lígulas na beira dos camiños Ou cas  
cunchas dos caracois mortos Comezas a  
ter pesadelos  
temes non ser outra

Por iso, a dúbida governa

e a quietude da inercia infesta.

**12**

Nun patíbulo o Foro, a Feira e o Circo  
Todo aquilo engalanado para os que servilmente sustentan  
De entre todos os actos humanos,  
o máis vil asesinar ó animal amamantado

**13**

Ericititionía nunca saciadas  
O cadáver está debaixo da vosa pel  
brillante e vizosa  
Incinando a cometer erros para  
mitigar o horror da neurose

**14**

O castigo de Aracne  
fixoaa perenne

**15**

Non son presentes os que ofrezo  
senon o sosego do lodo

**16**

Moitas caras  
moitas autoras  
moitas mudas autopsiando cabizbaixas

**17**

O medo a morte  
o seu medo a morte  
de latón converteu á Serea  
asustada baixo a auga  
mordendo cos dentes entre as escamas o sal

**18**

¡Presteza ante a mao que sae da súa Inmersión!  
Fragua que ladra en Xea  
¡Nefanda neófital! que emerxe baixo terra con himnos

**19**

Áureos cas de ouro  
para dóciles Titáns mensaxeiros  
O amigo que xa non o é  
¿Por qué ninguén mo dixo?

**20**

¡Sacrificio!  
Nunca teremos fin nin fundamento

**21**

Fáltanme todas as partes do corpo disgregadas  
e  
clamando

**22**

Da alma  
Dous cabalos aterrados pola man do amo

**23**


Unha chuvia de copas  
como canción de morte  
de fel leito de opacos cristais  
ó día seguinte regresarás se podes a gatas  
como nacente  
polo camiño  
da túa  
vida

**24**

Os ovarios como planetas  
colonizados por milleiros de especies  
que devoras e respetas  
crucificados por unha dor que recompensa ó outro lado  
do río de leite materno  
aquele que te devora e provoca ausencias  
como Medusa por Teseo  
tomou fama  
e así, unha e outra vez  
dor e falacia alimentan.



## Andrea Arís Couso



ANDREA ARÍS COUSO

Nada en Vigo, febreiro do 91, vivo a miña infancia no barrio de Navia, pretiño do mar. Múdome a Compostela en 2009, onde estudo Psicoloxía. De volta á cidade viguesa, cos estudos xa rematados, somérxome en empregos precarios, mentres amplío a miña formación académica, aos poucos, cun mestrado en estudos feministas a distancia.

A miña vida ten un forte vínculo co teatro, co cal xogo, de xeito afeccionado, dende os meus primeiros anos en grupos como Navia Teatro Escola e *Lohengrín Teatro*, sumándolle a miña estancia en Compostela coas compañeiras de peza *Precarias* (do *Grupo teatral da Gentalha do Pichel*), xunto coa actividade actual nas *Ghatas Salvaxes*, grupo de intervención "artista" de rúa.

Lánzome a petiscar o mundo da poesía da man de Silvia Penas e comezo a participar nos obradoiros de Poetry Slam, convocados polo Centro de Interpretación da Oralidade do Concello de Vigo. E aquí me vexo, vomitando a vida a escondidas, ata dar co meu cuarto propio.

## *3/cuartos de fame*

[1]

Transcribir a lírica dos meus ollos  
chorar e non de alegría  
poder ollar o transcurso dun tempo que non volta  
ou mesmo **ficar cega**  
lamber as cicatrices que botan raíces  
nun corpo canso e pálido  
percorrer anemias inventadas cos meus dedos  
verquer sangue e devir fluído  
loucuras que desatan cordóns e atan arterias  
estoupan as estadísticas dos cardiógrafos,  
os decibelios dos audiómetros,  
o vermello dos semáforos

estás ti,  
no medio dun baleiro  
que non fai máis que reproducirse

[2]

Espazo e temporalidade  
vulnerábeis de **perversión**

**Noméame** aquí,  
neste lugar,  
onde están dogmatizadas as fronteiras,  
e tódolos días, son días de choiva.

Os ritmos da cidade  
(in)movilizan a musculatura corporal  
mudamos autómatas

O **tempo** non é unha enerxía renovable,  
**queima**(se) e como tal, ten fin.

Unha listaxe en papel pendura do frigo  
e tódalas responsabilidades invertidas  
coa sangue acumulada na caluga

Vomitei a **vida**,  
xeracións de silencios e rosarios  
**de abnegación** a tinguir os recunchos de toda a casa

**o espazo ten xénero.**

[3]

Os **cansazos** veñen,  
van, rebolan, revoltan,  
suben polas paredes,  
escorregannse entre as sabas,  
recárganse en vapores de cafeína,  
ata que estoupan.

Logo dos cansazos estamos nós,  
no fondo ben fondo,  
tan fondo que nen sequera escoitamos os nosos berros,  
palpamos as nosas peles,  
ollamos o noso ollar,  
ulimos os nosos cheiros a carne podre.

Chegados a este punto,  
**xa non sei se son eu** (se somos nós) ou se é o cansazo.



[4]

Nada esta feito para durar  
os corpos e as mentes  
coma as bicicletas  
tamén se oxidan.

A obsolescencia deixando pegada

pel de galiña  
en loita coa "eficacia" comunicativa  
no meu imaxinario  
as redes eran outra cousa

ferramenta

para estármonos **ceibes**,  
coma os cabelos secándose ao sol (sorrío).  
Estaba errada

[ Mas os tempos mudam ]

[5]

Ás veces eu seime  
animal de compañía en territorio hostil  
alimentándome das sobras... só ás veces,  
outras, en cambio,  
négoo todo.

E como **doe** mergullarse no que non se nomea,  
naquilo que nada significa  
que se agocha nas ruínas da memoria,  
mais que bo é **reb(v)elarse**

As rúas xa non sinten,  
só acompañan na inercia  
ao compás da aceleración constante.

A cidade consómese nos meus ollos  
e neles loita contra a mercantilización da vida,  
mais eiquí só somos carne de mercado.

E como doe ollar cara o abismo,  
neste intre de predestinado precipicio,  
sobredose de analxésicos  
para mentirme máis

e (crer) non ser devorada polo sistema

[6]

E se as fiestras están pechadas,  
como pode chover dentro do cuarto?

E ti,  
nunca deixas o leite ao lume ata que ferve a cachón e  
xa non hai que facerlle?

Seica ule a queimado, é a cociña ou  
é este corpo de vrao sen praia?

Que **non somos perfectas** (certeza consentida),  
Gosto de verte sorrir, e río  
e tamén choro.

Porque ser anímicamente correctas?

Chámanlle intelixencia emocional, mais eu non acredito en adoctrinar ás emocións.

E de qué cor estará o mar?

Arroupame entre as sabas mai,

creo que por hoxe chegou de xogar.

Ou quizáis non.



## Sonia Martínez López



**SONIA MARTÍNEZ LÓPEZ**

*(Sonia Marpez)*

Nace en Sarria no ano 1987. Goza coa fotografía e a escritura, é diplomada en Maxisterio de Educación Primaria pola USC. Actualmente reside en Málaga onde realiza estudos de Historia da Arte, mentres participa en exposicións e colabora en diferentes proxectos culturais e editoriais.

Ademais de codirixir as revistas culturais *Obituario*, *MacGuffins* e *Gorogó*, publicou o libro de poemas e fotografías *Inmune*, xunto á poeta Almudena Vega (Ediciones en Huida, 2015), tamén coordinou xunto ao escritor Gabriel Noguera o libro monográfico sobre a morte *Obituario* (Fundación Málaga, 2015), no que participaron cincuenta novos autores de todo o territorio nacional.

Foi galardoada co Primeiro Premio de MálagaCrea 2015 na la modalidade de poesía.

[www.soniamarpez.com](http://www.soniamarpez.com)

# *Interaccións fundamentais*

1.

## **O COTIÁN**

O momento de maior felicidade para esta Sísifo  
comeza ao rematar a xornada  
e acaba  
ao chegar á casa.

2.

## **PRINCIPIO DE EQUIVALENCIA**

Descenden,  
a velocidade desigual,  
as túas palabras  
e as miñas bágoas  
nesta vacuidade.

3.

## **ESPECTRO DE ABSORCIÓN**

Non reverbera o meu lamento  
no escuro espazo  
do teu peito.

4.

## **ENDOCARDITE**

Para soportar tódolos teus golpes  
necesitaría de varios corazóns,  
como a miñoa.

5.

**STURM UND DRANG**

A tempestade;  
tan sublime  
na distancia.

6.

**EXPULSADOS DO ÉTER**

Como un globo de hidróxeno  
que se solta do seu cordel,  
somos ícaro  
comezando a arder.

7.

Un reloxo,  
coroando a sala,  
tece a eternidade  
e cose  
a puñaladas  
este momento.

8.

O péndulo  
como unha gadaña  
vai acernando  
o tempo.

**9.**

**SILENCIO SUBXECTIVO**

Tres da madrugada,  
a soidade descansa  
ao outro lado da miña cama.

A néboa do televisor  
é un cosmos  
de corenta polgadas  
no que nacen e morren  
diminutas galaxias.

**10.**

**LAMARCKISMO**

De pequena,  
papá facíame contar cravos no taller.  
Era inverno.  
Poñíame o enorme abrigo verde do avó.  
Aínda así, os meus dedos xeábanse.

Pasaron os anos  
e eu  
sigo contando cravos.  
O frío  
xa non me afecta.

**11.**

A dúbida  
é un deserto  
atrapado nun dedal.



12.

**PLANO CARTESIANO**

Volvo á primeira cicatriz de todas,  
eixe central deste corpo.

Tampouco aquí me encontro.

13.

**TEORIA DE CORDAS**

Pradairos, freixos, castiñeiros e olmos,  
capaces de soportar  
o sufrimento de incontables anos.

Son perfectos compañeiros  
de baile para os aforcados.

As palmeiras, pola contra,  
soportan mellor o verán.

14.

**TEORÍA DE CORDAS II**

Anoei unha soga á árbore;  
agora só me falta un compañeiro  
para xogar á corda.

Se non o atopo,  
saltarei soa.

**15.**

Os meus ósos como talos tenros  
cinguidos pola infección da carne.

Coa liturxia das horas,  
empéñome en esquecer os meus desvelos.

Este estúpido anhelo,  
sentinela dos meus actos.

Coordenadas dun tempo  
nas que só retrocedo.

Se non expío esta podremia,  
desenfiando a madeixa,

serei un recordo,  
atrapado na cicatriz do teito.

**16.**

**TEORÍA DE CORDAS: ÚLTIMO ACTO**

O seguinte paso será outra fuxida máis cara a adiante.

Unha sombra pendendo da lámpada.

Quen quere agora descansar neste cuarto?

Sacrilexio para os vivos que ansían ser eternos.

## Celia Parra Díaz



**CELIA PARRA DÍAZ**

Ourense, 1990

É escritora e produtora audiovisual, licenciada en Comunicación Audiovisual pola USC e mestrado en Produción e Xestión Audiovisual (MPXA) pola UDC-Fundación Santiago Rey Fernández Latorre.

Traballou como asistente de dirección e produción nalgunhas das principais produtoras galegas, como *Ficción Producciones*, *Tic Tac Producciones* e *Vaca Films*. Na actualidade é produtora executiva do proxecto transmedia *Versogramas*, desenvolvido xunto con Esferobite. Como creadora, dedícase á realización de videopoemas sobre textos propios, *booktrailers* e videocreacións.

No eido da literatura, conta con premios coma o Avelina Valladares, Ánxel Casal ou Xuventude Crea. Ten publicado un poemario individual, *No berce das mareas* (2009, Ed. Fervenza) e diversos textos en publicacións colectivas como a Revista Dorna (USC), a *Antoloxía do Sentimentalismo* (Ed. Bubela), *O libro dos Reis Magos* (Ed. Galaxia/USC), etc. Pertence á Asociación de Escritores en Lingua Galega.

# Profundidade de tacto

Entre ti e a ferida, nove pasos de diafragma.

## **F22**

Recréaste na precisión do trazo  
a aspereza coa que a dor  
foi cristalizando calquer pulsión de fuxida.

A cartografía dos teus erros  
desprégase  
con punzante nitidez.

## **F16**

Descobres as túas propias derrotas  
bailando entre xelatina e bromuro de prata.  
O revelado é a mellor autopsia, e a culpa  
un latexar arrítmico na caluga  
que o tingué todo  
de vermello.

## **F11**

O ollo demanda  
o que excede á palabra.  
Todo o que nos corrompe  
sen veladuras.  
Pulsión escópica.

É por iso que buscamos  
carne e pólvora no envés da imaxe  
na imaxe a máis vívida das cores  
na cor unha escalada frenética de decibelios.

Que a imaxe se faga corpo  
[4K, 48fps, pantalla LCD]  
para que o ollo a posúa.

**F8**

A fronteira  
entre a dor e o pracer  
radica  
no delicioso desgarro  
da presión.

**F5.6**

Hai feridas impronunciadas

O que non se fixo palabra,  
non ten corpo nin tacto.

E como salvar  
ó descoñecido  
da eterna hemorraxia.

**F4**

Canto máis cerca a ferida  
máis difusos os seus lindes  
[zoom]  
e máis perigosa  
a súa escuridade.

Todo baleiro absorbe.

**F2.8**

Algo escintila entre a negrura.  
No punto de fuga, a única casa coa luz acesa,  
a que non ten camiño máis que de ida.

A ese vagalume difuso consagras a peregrinaxe.  
Esfolas os cotenos dando tombos polo bosque.

**F2**

Esperanza

esa nube calcificada nas unllas que evidencia  
a fraxilidade que nos consume.

Unha fermosa e dura ameaza.

**F1.4**

Todo é ferida

Todo é fartura e carencia

coma as barrigas infladas das letras.

Dende o ventre da balea non se ve o horizonte.

Nin sol, nin compás, nin medición algunha  
para salvarte da desmemoria.

Afondas na dor

e esqueces a precisión do trazo  
o cincel e a man que esculpiu este  
retablo de agonía.

Coas xemas abrasadas,  
percorres o teu propio rostro.

Non te recoñeces.

## Fabián Freixedo Fariñas



**FABIÁN FREIXEDO FARIÑAS**

*O Carballiño, 1993*

Criado nas ribeiras do Arenteiro e madurado no Xabarínclubismo, actualmente subsiste como estudante de Medicina na Universidade de Santiago de Compostela. Confeso Ronseltziano e militante do lupegozmismo, rebátese entre a vida e a desidia satisfacendo a súa adicción poética con doses altas de inconformismo e rebeldía literaria.

Obtivo o segundo premio no Xuventude Crea de 2014 coa modesta obra *In-herencias. Anacos de familiaridade*. Comprometido coa lingua galega, segue a súa propia liña argumentativa: *Pessoa, Pessoa, Pessoa* escapando dos recitais por seren berce do hedonismo persoal.

De cando en vez, desafoga a modo de sementeira no seu dendeoparnaso.tumblr.com agardando por unha colleita reparadora. Amólalle a indefinición.

# 00023-Kz arquivo CHUS psiquiatría

## I. Editorial

*Non teño vocación de lareta e sei que a pedantería é un recurso  
[pro-lixo.*

*Fan falla poucas palabras e moito que dicir. Eu  
non digo nada, porque nada teño que  
5 contar. E este vello espazo (?) e máis eu non somos máis  
que o efecto secundario dalgunha droga social [TV-inducida  
Intransixente comigo mesmo tentarei buscar  
acubillo na túa trincheira. E por ser tatexofóbico,  
escribo. /Confío  
10 que nun futuro Alguén recolla estas verbas do anonimato e as  
analice nun estudo psicolóxico dos  
males dos anos dez. Quede aquí o meu contributo.*

## I. Semen por Cosmético Facial

*Non vou firmar unha historia Super-ación persoal nesta Confesión  
A masturbación social que creastes non me satisfai.  
15 porque nada quero. Non busco clasificacións nas que me ver  
porque as vosas clasificacións son ad hoc / ver *Felatio post-criticam*  
para as vosas propias Utopías sexistas.*

## II. Batuta.

*A banda sonora da frustración en mp3  
aillando á xente da miña mala hostia  
20 En concerto:  
Odio en Si MAIOR para Solista fracasado.  
Chegou o bus.*

## III. Screening

*Vai cagar!*  
Un desexo compartido por quen esperaba Grados de sinceridade.



IV. Nota a pe de min.

25 "A poesía é todo o que me pon,  
E o que me dispón"

*Fun un neno infeliz e Agora re-creome verso tras verso.  
Búscome.  
E son eu, quen corre a se escribir,*

30 *O que quero ser,  
para non esquecerme disto, e si,  
das hostias recibidas de meu pai.*

*Evasión-Covardía-Autoodio  
Rotura dos cauces Normais sen saída do tolo (?) [Xustiza  
35 Axuda. Atonía da vinganza. REDENCIÓN de miña nai*

*Libre  
Feliz.*

40 *E cando chegue a hora Pechareite,  
cun certo disparo e un grazas.  
Entrementres,  
cargarei a escopeta con balas de tinta  
suspirando polo día de verte morto.*

V. Crónica. Delatándome.

Querida:

45 *Fastío. Como canción infantil en perpetuo  
bis. E Volca-lo camiión se non tocan outra xa non está deslexitimado.  
Pero facelo xa? Canto máis quero sacar de min un acerto redentor,  
máis me mergullo no profundo Váter emocional que parece ser un poema.*

*[ Con idéntico fin para papel, composición e  
destino.*

50 *Alo menos,  
non é isto Guantánamo, e un berro de Allauh Akbar meu amor, non me deixará maltreito  
alén da tua indiferencia Terrorista.*

*[ E niso estou.*

*Entre o sentirme ridículo por unha revelación e un retrouso arrepiante por non  
55 ser ouvido  
en ti. Concretaría unha data de Partida  
mais non son eu nin o azafata, nin Pasaxeiro.*

*[ Kamikace (?)*

*E para que me apoupes como equipaxe aínda me queda.*

*VI. Digo e ben-digo.*

60 *Negáronme a oportunidade de saltar do avión  
De unta-lo pan no mollo  
De xogar coa auga bendita  
De ler a Pessoa limpo. Non*

*/Fomos paxaros mortos*

65 *Larpeiros, pecadores Gallegos.*

*Houbo un tempo no que a quenda da charcutería  
era Alienación para o vegano - asasinato premeditado.  
Sexo roto a Cuartelazos, un pezón entrecortado do  
Frío. Houbo un tempo Frío - idealista.*

70 *Crimos que correr só era bo para coller Enerxía  
E golpear, coas ideas, Cabeceiras de xornais, e non unha Pelota.*

*/ Crimos, rimos e imos nós, os soñadores, a Correr*

anestesia, cubitos de Xeo sen auga,  
e non Deserto, pelexo Comigo, para que sexa

75 Noso o cetro. Non sei que é a razón, fóra do papel, pipa da  
Paz, fumando palabra Libre - Fumándoa nós.

*/Para Que nos entre e nos Coloque onde nós queiramos Ser  
na Nosa cabeza, sen excusas. Non sei que é a razón, se non  
a teño Xunto a vós, e en vós dita.*

80 A vos dicir: que é tempo de saír a camiñar polo asfalto racional.  
Real-izando a bandeira do IDEAL, e con ela ESTENDIDA.

*/Botade a correr.*

#### VII. NOTA S/T

*Civilización, civilismo Animal.*

Permíteme Falar de Liberdade (?) Meu pai aprendeume o Mandato. Reproducímonos.

85 Aprendín que Quero algo que non está Ben querido.  
O patrimonio da Liberdade. A Patria, seu vicario.

O Matrimonio depende do Patrimonio? Explica o que Pensas e o que non Fas.

Saiban vostedes que Marcho.

Sí. Un tolo. Vou reflexionar porque non acepto liderar a Represión. Súa.

90 Súa e moito. A min? Súdama.

#### VIII. Dende a UCI

Non é isto un post de Autoescarnio. Sei  
que comprar a marca branca  
dun afeccionado

a se raíar día si  
día tamén

95 é unha Condena que merece unha esmola  
na moeda  
social: o tempo.

*[ cuestións que ninguén quere ler*

100 Moitas grazas por asistir-me.







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE RELATO BREVE*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

María Aránzazu Portabales Santomé  
Elena Gallego Abad  
María dos Anxos Sumai García  
Francisco José Castro Veloso  
Mario Caneiro Ameneiros

**Secretaria:**

Ana Martínez González

## Brais Lamela Gómez



**BRAIS LAMELA GÓMEZ**

Nacín en Vilalba en 1994 e vivín entre Vilalba e a Ponte de Outeiro dende pequeno. Empecei a escribir moi novo e levo acadado diversos premios literarios, entre os que se poden mencionar o Premio Ánxel Casal, o Premio Literario Minerva, ou o Premio Xuventude Crea. No ano 2011 participei na Ruta Quetzal grazas a un traballo histórico sobre as expedicións españolas no Amazonas. Entre 2011 e 2013 cursei o bacharelato internacional no Colexio do Mundo Unido do Adriático, en Italia. Actualmente gozo dunha bolsa para cursar estudos universitarios na universidade de Brown, nos Estados Unidos.

# Barcos de palma de Ecuador

*Un neno anicado de tristezas, solta  
un barco feble coma unha bolboreta de maio*  
Arthur Rimbaud.

*As nosas casas, Don Harumi, están caídas.*  
José Watanabe.

I

Así comeza todo: ruído de botas. Non, antes: papá e as súas mans durísimas de romper canas, un barquiño de palma que naufraga na charca, a radio acesa. Pero quen sabe. Todo iso puido pasar entón pero tamén puido pasar outro día porque daquela todo estaba así, coma solto. Despois das botas non, despois todo pasa en liña recta, coma un caracol cargando coa casa e a fame ás costas, sempre en liña recta. Pero antes das botas era máis como camiñar en círculos, coma existir sen rumbo.

É Nadal, a radio leva acesa todo o día e os papás pensan que pode pasar algo malo (hai certas palabras que se repiten: Xapón, guerra, Xapón, guerra) e por iso estamos comendo en silencio, detrás da cociña, agora vermellos agora verdes polas luces de Nadal. Matsuo lambe o aceite que lle pinga dos dedos e mamá tenta limparlle a cara cun pano de mesa dobrado en catro. Entón o primeiro ruído, coma un chop chop sobre lama mollada, primeiro lonxe, despois máis alto, máis preto. Non nos movemos. O pano de mesa de mamá queda suspendido no aire, o aceite escorrega sen obstáculo polos dedos de Matsuo. Agora un toc toc sobre madeira: están na verea. Mamá tapa a boca de Matsuo coa man. Voces de home: abran a porta, policía de Vargas Guerra! Ninguén responde. Pum pum na porta abran! Treme a madeira toda e eu sinto que as botas, seguro negras, poderían tirar coa porta e atoparnos paralizados entre as sombras e o ruído dos insectos, agora vermellos agora verdes. Sabemos que están aí abran a porta ou ha ser peor! A man de papá máncame na perna. Quedamos en silencio, o toc toc percorre a verea, como buscando algo fráxil. Longo silencio, ruído de insectos que rillan na madeira. Toc toc chop chop chop chop chop, cada vez máis lonxe.

Así comeza. Despois moito tempo en silencio debaixo do banco, tanto que parecería que aos insectos lles dá tempo a rematar con toda a madeira da casa. Aínda agardamos un bo rato antes de saír, a pesar de que o atado xa está preparado. Hai no atado: latas de sardiñas, leite, roupa normal, roupa de domingo, unha lanterna, xoias, mistos, unha navalla. Non hai no atado: fotos de familia, sabas, botellas de inca-cola, plátanos, azucre. Tampouco hai libros, papá dí que os libros se levan aquí, na cabeza.

Tamén levamos algo máis, pero é segredo: un barquiño de folla de palma. Lévoo eu no peto. É o único barco de palma que non naufraga nunca, o que me fixo papá con follas da palma de Ecuador, que é moito mellor que a nosa. Se nos pasa algo, se non logramos chegar a Ecuador, mandareino río abaixo cunha nota de rescate, para que veñan salvarnos os amigos de papá.



## II

Os domingos pola tarde papá e eu camiñamos polo bosque que hai á carón do pobo, ao que chamamos "a selva". Papá lévame da man e ensíname os nomes das árbores: isto sabugueiro, isto boliche, isto huarango, e así. A miúdo laméntase de que non haxa cerdeiras en Perú, porque el sabe moitos poemas sobre cerdeiras. Entón ensíname poemas sobre cousas que si hai en Perú, coma pedras e flores.

Soamente saímos a pasear os domingos porque durante a semana sempre está canso. Papá traballa no campo de azucre, coma todos os homes do noso barrio. Ás seis da mañá sae o camiión, cargado de señores que olen a suor e a foula, de mans durísimas. Tamén as mans de papá son así, coma de coiro vello. Gústame dicir iso: as mans de papá son coma de coiro vello. Tamén me gusta imaxinalas sempre un pouco máis grandes do que son, capaces de estrangular o pescozo dos pitos sen dificultade pero tamén de facer barquiños de palma moi delicados.

Papá nunca me deixa ir canda el ao campo de azucre. Non é para nenos, di. Eu teño moitas ganas de ir porque hai un poema dun tal Basho que me gusta moito e que papá recita ás veces: campos de azucre, coma se a lúa florecese. Entón eu imaxino as plantas de azucre coma algo doutro mundo, quizais coma balóns gordísimos recubertos de pó branco ou coma mangados de raíces e flores transparentes. Pero papá non quere que vaia e non quere falar-me do seu traballo nos campos. Coma se a lúa florecese, é o único que di.

## III

Todo está escuro coma o interior dun plátano. As follas péganse á roupa coma anacos de veludo negro. Ruído de auga que corre.

Papá e eu levamos os fardos ao lombo, mamá leva a Matsuo. Os papás queren que cheguemos á casa dos señores Hikari antes do mediodía de mañá. Non é a primeira vez que imos, pero penso que debe ser a última vez que imos ou polo menos a última vez que saímos da nosa casa. Non poderemos volver ao Perú, onde a radio está en contra nosa. Quedarémonos en Ecuador, a trinta horas de distancia, polo menos ata que os señores da radio nos queiran de novo.

Decidimos parar a descansar e comer algo. Sentamos á carón dun sabugueiro, todo cuberto dunhas hedras secas que seme llan as barbas dalgún animal mitolóxico. Papá abre unha lata de sardiñas coa navalla e ofrécenos. Eu non teño ganas de comer, pero decido tomar algo porque me dá moito medo a fame. Na escola ensinaron-me que os exploradores españois, cando se perdían en Perú, remataban comendo o coiro das botas da fame que tiñan. Despois morrían, alucinando cousas terribles.

Entre os catro rematamos tres latas de sardiñas. Cantas quedan? Pregunto eu. Bastantes, responde papá. Cantas son bastantes? Suficientes, Hiromi. Non pregunto máis. Mamá leva un tempo apoiada contra o sabugueiro, coma unha princesa custodiada por un monstro de barbas secas. Mamá mira ao meu pai: e cando cheguemos alí, que? Como que que? di papá.

Así pasan o rato, discutindo. Mamá di que en Ecuador farán o mesmo, que acabarán por prendernos, que parece que en Colombia fixeron o mesmo e que é cuestión de tempo. Papá que non, que o presidente de Ecuador non lle quere ben ao dos Estados Unidos, que non nos mandarán aló. Mamá que como o sabes e papá que non o sei. Mamá que que vamos a facer cando cheguemos aló e papá que non o sei. Mamá que por que fixemos iso, que por que non quedamos na casa, que quizais non pasaba nada, que igual despois ao mellor podíamos volver á nosa casa pero que así seguro que non. Papá que non sei, que non sei, que non sei.

IV

Debaixo da charca debía haber coma unha cidade de palma, pensaba eu. Alí estarían todos os barquiños que naufragaban cando eu lles poñía unha pedra que en realidade era un soldado, ou unha moeda que en realidade era o botín dun barco pirata. A palma entón afundiría e uniríase a todos os outros barcos de soldados e piratas, facendo coma unha cidade ou un cemiterio. Era bonito mirar a superficie da charca, limpa e brillante coma prata vella, e imaxinar debaixo un mundo distinto, un mundo de palma e moedas extraviadas.

Claro que estaba o barco que non afundía nunca, o que papá fixera con palma de Ecuador. A ese podíalle poñer o que quixese: moedas, pedras, incluso piñóns que eran baleas capturadas. Papá trouxéramo de Ecuador: para ti, Harumi, de palma de Ecuador que é a mellor palma do mundo. Eu agarraba ao papá da man e claro, pregunteille: fixéchelo ti, papá, fixéchelo coas túas mans? E papá sorría: claro que si, fíxeno coas miñas propias mans.

Ese é o barco de palma de Ecuador. O que non naufraga nunca.

V

Mamá tropeza nunha rama que sobresa. O seu vestido azul énchese de lama e pedras, algún insecto. Matsuo comeza a chorar.

Levamos máis de seis horas camiñando, pero aínda non hai rastro de Ecuador. O bosque repite un patrón coñecido de árbores e plantas, coma se seguir o río fose unha ilusión, unha trampa. Comeza a clarear, e iso é bo porque podemos ver, pero malo porque podemos ser vistos. Tamén é malo porque a luz revela arañas grandes colgando das árbores e sapos de barrigas inchadas, todo cousas que asustan. Baixo os nosos pés a herba roxe con insectos.

Eu axudo a levantar a mamá e papá levanta a Matuso, todo cuberto de lama. Non chores Matsuo, di. Veña Matsuo, di. Pero Matuso segue a chorar. Chora moito, coma cando pensou que se lle achegaba un esquío e resultou ser unha rata grande. Os berros foxen bosque adiante e todos sentimos medo. Papá abánao, mamá dille cousas tranquilas á orella, pero Matsuo segue a chorar, coma dando alerta.

Escóitase entón: chop chop, sobre a lama. A nosa imaxinación? Non. Algún animal? Non, tampouco é un animal: o peso, a cadencia, son humanos. Matsuo para de chorar. Eu meto a man no peto e péchoa sobre o meu barco, para que ninguén poida velo. Ficamos conxelados, os insectos aproveitan para rubir polas nosas pernas.

Ao final resulta ser un velliño carretando un machado, probablemente un construtor de cabaliños de Totoro. Leva un gorro de lá e unha camisa vermella, moi engurrada. Da boca sobresaelle un só dente que semella estar pegado ós seus beizos, coma se fose goma de mascar de menta. Todos quedamos mirando para el, fascinados pola interrupción da vida cotiá na nosa fuxida. O home saúda con sorpresa, pero sen curiosidade. Os seus pasos pérdense entre as árbores.

Debe ser de Chanquito, di mamá. É certo, Chanquito. Tanto pensar en Ecuador non pensamos que debíamos andar preto de Chanquito. Papá e mamá conversan. Papá: aínda deben faltar doce horas para chegar a Ecuador. Mamá: xa levamos moito tempo camiñando, quizáis podemos facer un descanso en Chanquito, ao fin e ao cabo é o derradeiro pobo antes da fronteira. Papá: por alí vive o señor Pérez e podemos quedar na súa casa mentres que non sexa noite, aproveitar para durmir incluso. Mamá: Ademais en Chanquito non hai xaponeses, así que ninguén debe saber nada. Papá: e se saben algo seguro que non lles a importar.

Poñemos rumbo a Chanquito. Antes de marchar deixo ir o meu barquiño de palma, coa nota de rescate, sobre o río. Obsérvoo desaparecer no horizonte, impasible, en dirección a Ecuador.

VI

Papá volveu á casa preocupado. Ao parecer pasou algo en Lima, durante un terremoto. Deixa o xornal sobre a mesa, acende a radio. Negocios xaponeses saqueados, protestas, agresións: as palabras prenden do aire coma navallas. Algo máis: a guerra, o Emperador, Estados Unidos, non sei que campos. Papá apaga a radio e mira ao lonxe. Mamá senta a carón do lume, sen dicir nada.

Comezan entón a falar: farán algo? Aproveitarán para? Mamá e papá móvense pola casa. Ás veces ocórrenselles ideas novas e as bocas enchénselles de palabras felices, pero despois as súas voces quebran e naufragan coma barcos de palma. Sempre podemos ir a Ecuador, repiten. Sempre nos queda a posibilidade de marchar.

VI

Avanzamos amodo pola rúa principal. A xente de Chanquito míranos estrañados. Quen son? Que fan aquí? Sentimos portas que se abren e pechan, ventás que se abren e pechan. Mamá suxeita o vestido coma para que non se manche máis, coma para que non a vexan. Quen son? Escoitarían algo? Saberán algo do que pasou? Papá lévame da man e fálame en baixo: lembras, Matsuo, o poema que che ensinei sobre os lagartos ó sol?

Non, neste momento non lembro poema ningún. Maréame a calor e quero vomitar. Píddolles ós papás para sentar na beirarrúa pero din que non, que hai que seguir adiante, que xa case chegamos á casa de Pérez e que alí poderemos descansar. Está ben, digo eu. Sinto que vou pisando sobre formigas que arden. Tuso varias veces, coma se tivese os pulmóns cheos de po quente.

Entón vexo dous nenos saír dunha tenda, levando algo entre as mans. Ao principio non o creo, penso que debe ser cousa do sol, do mareo, pero non: o que levan na man son barquiños de palma, barquiños de palma iguais ca o meu, iguais ca o que papá me trouxo. Solto a man de papá por primeira vez e entro na tenda. Hiromi, ven aquí! Pero xa estou dentro. Alí están, nos andeis, moreas de barcos de palma idénticos, do mesmo tamaño, da mesma palma de Ecuador, para que merquen os rapaces de Chanquito, para que os manden río abaixo.

Papá sácame da tenda, pero xa é tarde. Non te perdas, temos que andar xuntos, di mamá. Ao noso redor as nais comezan a meter os seus fillos dentro das casas. Diante de nós a rúa semella infinita, baleira de rúidos, un camiñar en liña recta diante de ventás que se abren e pechan coma tomando impresións das nosas caras. Voces de papá e de mamá: a casa de Pérez, por aló, non? por alá? A casa? Cústame ver, coma se o sol se me metera nos ollos. A man de papá aprétame forte, penso que ten medo. Sí, papá ten medo, pero eu teño máis, porque agora sei que os seus amigos non virán por nós, que non virán a salvarnos dende Ecuador. Quen vai recoller o meu barquiño cando as tendas están cheas de barcos coma ese? Non, ninguén lle fará caso ó meu barco de palma, baixando polo río entre miles de barcos idénticos. Ninguén se fixará na súa nota de rescate, nas súas follas dobradas polas mans de papá, no seu devalar de barquiño confiado que non naufraga xamais. É seguro: ninguén virá nunca a salvarnos.



## Andrés Carrasco Solla



**ANDRÉS CARRASCO SOLLA**

Comunicador e educador de profesión, amais de investigador libre nos eidos da agricultura rexenerativa e o medio ambiente.

Ten colaborado como articulista coa revista dixital *Letra en obras* e recibido anteriormente outros galardóns en certames de relato breve como o GzCrea (2009) e o Literario María Agustina de Lorca (2012).

# Os dominios do Caos

A travesía en coche pola autoestrada de circunvalación da cidade posúe un timbre característico: o dun trémolo sibilante que apenas se interrompe dende a incorporación ata a saída da vía. Ó neno e á nena que viaxan atrás resúltalles sedante e van durmidos. Ós dous homes adultos na parte dianteira acentúalle-la crispación a medida que avanzan. O ruído prodúcelo as follas afiadas do Caos que, empenadas sobre o asfalto coma xuncos á beira dunha lagoa, rozan contra a chapa do vehículo.

Caos é como se lle chama comunmente a esa planta que está a invadilo todo. A historia con ela comezou tres anos atrás en varios puntos de América próximos a liña do Ecuador de xeito simultáneo: colectivos campesiños, fartos de traballar arreo para satisfacer os caprichos dos europeos e con todo padecer fame e pobreza, acabaron por aceptar unha vella proposta da multinacional química SanGabriel consistente en sementa-los seus campos co cultivo *Policapsum sempervirens*, tipo de arbusto creado para medrar e producir mazarocas comestibles incluso en condicións edafolóxicas moi adversas, co gancho dunha provisión gratuita de semente e a promesa dunha redución drástica da carga de traballo. “*Y que sea lo que Dios quiera*”, dixo logo de comunica-la decisión Juvenal Grueso, presidente da Confederación de Agricultores do Perú, en rolda de prensa perante os medios rexionais. Palabras dunha voz humilde que acabarían tornando frase do ano e gañarían difusión internacional por mor dos acontecementos posteriores, sucedidos en tres fases propias dunha película de xénero. Primeiro, a ameaza; a especie propagouse polo aire con insólita rapidez dos campos ás cidades, de tal xeito que alá onde houbo un xardín, un testo, un pequeno depósito de terra no canalón dun tellado, medrou un gomo. Segundo, o fracaso; esas novas xeracións de plantas desenvolveron nas súas mazarocas un cheiro sulfuroso que decontado pasou a disuadir a calquera de comelas. Terceiro, a fatalidade; coa chegada do verán constatouse que a especie era pirofita ata o extremo. Centos de hectáreas de superficie, non só arbórea senón tamén urbana, arderon ó longo e largo de varias provincias de Brasil, Ecuador, Perú ou Colombia. E tralos titánicos labores de extinción de cada incendio, sobre a cinza, sempre novos brotes. Dese xeito, estendeuse o pánico. Houbo xente que perdeu demasiado. Disparouse a delincuencia, multiplicáronse os asaltos e as pillaxes. SanGabriel borrouse do mapa como tal, moitos políticos e persoas vinculadas á seguridade pública dos estados tiveron que dimitir do seu cargo, a ONU celebrou un cumio extraordinario para facer fronte á situación... estas cousas sucederon. Para cando os aeroportos e alfándegas recibiron protocolos de control actualizados, a especie xa atopara a maneira de cruzar-lo océano e, por conseguinte, todo canto a súa reprodución implicaba foi exportado. A data de aparición dos primeiros exemplares en Europa, os xornais publicaban en portada variacións mínimas dun titular-cero que bautizaría de xeito definitivo a praga. A versión deste que máis circulou na rede e así ficou na memoria da maioría é: “A humanidade sementou o Caos”.

Hai semanas que Lauro e Kobold, parella de redactor e fotógrafo de prensa baixo pseudónimo, comezaron a cobertura deste tema para o ámbito local ocupándose de documenta-las reaccións da xente a pé de rúa. Os seus artigos recollían testemuños máis ou menos previsibles en semellante clima, trastornos cotiáns coma o da anciá que perdeu o gato co que levaba dez anos, o da labrega que xa non ten onde bota-lo millo, o do matrimonio ó que lle medrou unha monstruosa mata de seis metros enriba do pozo negro e teme que afecte ós alicerces da casa, o da dona do establecemento ó que lle quedou oculta a entrada dun día para o seguinte e xa ninguén lle acudiu dende entón. Porén, a entrevista de hoxe marca o comezo dunha etapa bastante máis revirada: vanse ver co fundador dunha “academia de reféns”. O home en cuestión, provinte do exército e autoproclamado “máximo experto en defensa”, partiu de asegurar que, malia que en Europa non ascendera aínda a criminalidade, moitas persoas sufrían cada día pensando en ser vítimas dun asalto no momento de ir quitar cartos do banco ou mesmo de facer cola na caixa da froitería, todo á vista de como noutras latitudes esa foi a evolución natural da situación. A súa proposta: a academia prepararíaos plenamente para canto puidese acontecer e endexamais correrían un perigo serio. En cuestión de dúas semanas, o negocio xa era unha mina de ouro. “*Fixádevos que*

*o Caos non atopa fronteira no papel impreso tampouco*, comentáballes o editor xefe: *“Pasa de Internacional a Nacional, de aí a Sociedade e agora, grazas a este tipo, a Economía”*. A Kobold preocúpalle un pouco os cativos, que eles poidan estar demasiado expostos a certas conversas ou a certos escenarios que non lles conveñen, que a excepcionalidade os acabe asustando. Tanto a súa Irene coma Xulio son pequenos e ben sensibles. Pero o certo é que a ese respecto non houbo elección: Lauro e el son ámbolos dous pais divorciados, coinciden nos días de custodia e na rixidez das quendas e coma sempre a cita de traballo, despois dunha semana enteira de conversas telefónicas vagas, concretouse a última hora do día anterior, venres. Aparte diso amólaos tamén que mentres el vai conducindo o seu compañeiro, tan apurado preparando as preguntas, non deixe en todo o camiño de amosa-los seus típicos xestos de desagrado de cando é incapaz de concentrarse.

- Lauro, cando tes compañía feminina... fas igual e pos esa cara cada vez que algo non che sae, verdade? Podo ve-la película da túa vida na miña cabeza.
- Tschhh! Pero tí! - Lauro sinala co dedo para o asento traseiro.
- Están a durmir, acouga un pouco. Como vas con iso? Cal é o enfoque?
- Teño mil palabras para o artigo. Primeiro quero que me fale do seu adestramento militar, de aí pasar ós métodos que emprega e ó funcionamento xeral da academia e logo facelo esbardallar sobre visión empresarial, don da oportunidade, etcétera, para que se defina un chisco. Non dá para moito máis. Sabías que a-lo menos unha cuarta parte dos caracteres vanse en mante-la cohesión textual?
- Eu teño algunhas preguntas, por se as queres incorporar. Por exemplo: *“Non é un tanto inmoral alimenta-lo pánico da xente coa fin de amorear cartos?”*. Ou: *“Pactastes con algunha banda para facilitarlle-lo choio a cambio de repartiren convosco o botín?”*. Non, agarda. Moito mellor: *“Tedes banda propia?”*
- Grazas por tanto xornalismo. Olla, apúntoas na man para que non me esquezan.
- Calquera lector intelixente querría ó tipo contra as cordas. Ou ti non pensas, acaso, que como empresario é...como dirías ti... un tanto “ladino”, ó vende-lo que vende?
- Contigo sempre é o mesmo, teimas en xulgar a todos: lectores, entrevistados, o teu é fogo a discreción. O traballo non vai diso. Informar implica...
- Meu deus, Lauro, pareces un alumno de primeiro curso. A túa responsabilidade é conta-lo que pasa, ou non é? Que pasa no fondo con esa academia, coa praga, coa xente?
- Que pasa, Kob?
- A normalidade, pasa. Enténdesme?
- Si, si, totalmente. Reduce, saímos nesta.
- Vaites, que oportuno, non si?
- Vira.

Resulta que a academia de reféns está instalada nun antigo pavillón polideportivo a medio camiño entre o campus universitario e a zona comercial. Lauro ten agora algo máis polo que preguntar, dado que ese edificio foi propiedade municipal toda a vida; *“Se un lugar semellante se tivese colocado no mercado privado xa habería de ter enriba da azotea un rótulo inmenso de Carrefour”*, asegura. Toda a contorna verde é actual dominio do Caos. Irene esperta un chisco antes de aparcar. Como cativa que é, mirando que o único que hai arredor son plantas, ponse a preguntar (que son, por que hai tantas, quen as puxo aí). Kobold respóndelle que se atopan nun parque zoolóxico, que iso significa que na espesura viven animais salvaxes e que non se pode saír do coche sen que os papás

vaian dentro e veñan de volta cun empregado e mailo permiso do director. "Aquí estades seguros. Tardamos pouco, pero se aborreces podes espertar a Xulio, vale?", engade Lauro. Irene asente enerxicamente coa cabeza. Ten os ollos alumeados. "Papá, déixame o teu móbil para quitarlle fotos ó león!".

- Prefires mentirle á túa filla e insinuarlle que a rodean animais carnívoros antes que explicarlle o que son esas plantas - di Lauro segundos despois, mentres acceden-

- Ten nove anos. Os leóns non lle van asomar pola fiestra do dormitorio, cousa que esa peste si fai.

-Xa vexo. E a decepción? Como pensas arranxala?

-Xeados de chocolate. Ti marchas para a redacción coas fotos mentres eu quedo con eles e mércolles caprichos. Estás de acordo?

Lauro matina no plan por un intre.

- Non sei. Esas manobras tipo "Sociedade dos Pais Solteiros" non me gustan. Xa me vexo, dicíndolle a Xulio: "Isto é o noso segredo, non llo hai que contar a mamá.."

-Ah! Aínda tes que rosmar! E con isto si que te permites ser crítico!

-Vale, vale. Perdoa, tes razón. A verdade é que vou traballar moito máis tranquilo e agradézochos.

-Pero xa me podes soltar dez euros para cubri-la parte de teu fillo. Ola! Boa tarde, temos cita co señor Ruiz Valongo -dille Kobold á recepcionista unha vez que alcanzan o mostrador-.

"Todo pasa por tomar consciencia de que ser refén é un rol, non si? Un rol complementario ó do asaltante, o secuestrador ou como lle queiramos chamar. Igual que son roles complementarios os de pai-fillo, as parellas entre si, xefe e subordinado, etcétera. A cousa é que todo rol se relaciona cunhas determinadas condutas. E a parte contraria espera de nós, precisamente, de xeito consciente ou non, que as cumpramos. Explicóme? Por exemplo, a miña familia agarda de min que a protexa, que a alimente, que lle preste atención, que sexa afectuoso e amable no trato... todo iso está latente, aínda que non saiban verbalizalo ou aínda que non se dea a ocasión de facelo. Do mesmo xeito o asaltante agarda obediencia, silencio, dilixencia para que todo vaia rápido e non ter que repetirse. Anticipándonos a este xogo psicolóxico, recoñecendo que existe unha relación social entre asaltante e refén, aínda que sexa breve, forzada e negativa, saberemos (e aquí vén a clave) proporcionar SA-TIS-FAC-CIÓN. Porque o que deixa saír a violencia non é outro que aquel que se sente frustrado. Lembremos que as armas nun atraco empúñanse sempre no caso último de precisar, non coa vontade de utilízalas."

-Perdón que interrompa. Eu aquí xa rematei. A rapaza da recepción informoume de que se imparten clases agora de tres e a catro e gustaríame tomar unhas fotografías alí, se non hai inconveniente -di Kobold.

-Claro, por min non hai problema, pero préggolle que pida autorización ó alumnado antes de comezar -responde o entrevistado.

-(Vémonos no coche nuns minutos) -dille Lauro a Kobold en voz máis baixa e agarda a que el saia antes de retoma-lo diálogo. E proporcionar tantas facilidades non pode fomentar que os delincuentes crezan en número, ou que desexen ir cada vez máis lonxe?

-Non esquezamos que haberá forzas de seguridade traballando para mitiga-los disturbios, o noso traballo aquí é axudar ós civís a saír ben parados dun escenario puntual. De feito, ó reducirmo-lo número de incidentes criminais, os profesionais poden traballar máis rápido.

-Comprendo. Desculpe, e cando durante un asalto acontece algo fóra do previsto? Que pautas se dan para lidar con esa



tensión e co impulso de intervir? Póñolle un exemplo claro: o meu fillo ponse a chorar desconsoladamente e iso altera ó asaltante, que o ameaza. Non concibo o non reaccionar.

-Estamos a leva-los supostos moi lonxe. Aconséllolle que asista a unha clase, ou que lle pregunte ó seu compañeiro polo que alí vai ver. Todo se simplifica.

-Por suposto, non o dubido. Así pois, cambiando de tema...

A clase ten lugar na cancha do pavillón baixo grandes focos. O instrutor, encapuchado, fai que esmaga co seu xeonllo a cabeza dun alumno contra o chan. Ese alumno sorrí, mentres outros de fondo observan coa boca aberta. Moita colaboración. Kobold coloca o gran angular, axusta ben os parámetros e consegue unha foto estupenda. Está entusiasmado. Pouco antes, dando volta polas pistas de atletismo, quitou outra igual de boa: nela sae o xardineiro das instalacións facendo a poda topiaría dunha sebe de Caos que percorre a pista de atletismo, empregando para iso unha malla de formas ondeadas. Fotos fermosas conectadas por unha certa calma sórdida. Estas non son a ilustración do artigo de Lauro, seguro, senón algo máis importante. O inicio dun proxecto que sirva para preguntar "É que nada vai mal?", que é xusto o que Kobold toma por arte. Devece por amosarllas ó obtuso do seu compañeiro.

-Pode enviarmos por correo cando a descargue? -pregúntalle o alumno que sorría mentres era sometido-

-Claro, apúntemo logo nun papel. Unha máis con todos boca abaixo no chan, por favor!

Vostede colóquese aí no centro co rifle en alto -suxírelle Kobold ó instrutor.

No exterior érguese un vento forte que axita as matas en vaivén. Irene xa non está a gusto, teme que apareza algo por aí detrás, non quere seguir soa. Xulio continúa trasposto. Por unha parte quere espertalo, pero hai outra que llo impide porque é un neno un pouco ruín e sabe que se vai mofar dela así que a vexa con medo. Irene vivía en tódalas direccións, porque o peor sería que algo se achegase e non velo ata xa telo enriba. Lauro díxolle que aí estaba segura e papá non a deixaría se non fose certo. Non é que non o crea, pero é difícil aguanta-las ganas de chorar mentres non chega o momento de que volvan. Tiña que lles ter preguntado por una hora, así miraba no móbil e xa podía saber canto tempo faltaba, porque ela xa sabe mira-la hora e resta-los minutos. Colle o móbil outra vez e busca algo que axude. Mira a galería de fotos. Hai moitas dela con papá. Parece sentir que a protexen, pero só durante un pouco, ata que xa as mirou demasiado. O resto non sabe que son, non lle valen. Non hai de mamá. De mamá faltan. Escápanselle algunhas bágoas pensando niso, pero volve inspirar e para, porque é mamá quen sempre lle está a dicir que non chore, que non pasa nada. Deixa as fotos e pincha na aplicación da radio. Dous señores comezan a falar. Quere cambiar de dial e buscar música, pero non sabe facelo. Os señores falan e falan. Non entende moito do que din, pero fanlle compañía. Un deles é estranxeiro, pronuncia raro. Irene imaxínoa vestido coma un cabaleiro. *"Yo de ustedes me alejaría y vendría a asegurar los lugares ya quemados, eso es lo que la supervivencia impone. Cometimos un gran error, pero ya hay que asumirlo y actuar en consecuencia. Ignorarlo y continuar como si nada hubiera pasado es aumentar el peligro. Cuando oigo hablar de planificar el pago de los desperfectos no entiendo nada. No hay adaptación al Caos. El Caos es final y principio, por eso lo llamamos así en primer lugar."* O cabaleiro tamén a aborrece. O vento non amaina. *"Que volvan, que volvan xd"*, desexa con fervor Irene. Que volvan.

- Tesme que pasa-lo fragmento da gravación no que fala de dar satisfacción ó delincente.

Vouno reproducir como fío musical o día que inaugure a miña exposición.

- Están ben, pero dúas fotos non fan exposición, Kobold.

- Apunteime a clases. Vou toma-lo meu tempo para facer un monográfico como Deus manda sobre este sitio.

- Ah, xa vexo. Ó final ti tamén atopaches a túa oportunidade no mal.
- Que insinúas?
- Está claro. Así como Valongo levou o Caos á sección de Economía, ti vaslle abrir as portas de Cultura. Ánimo, home.
- Como podes comparar? É a miña forma de contribuír a da-la voz de alarma. Contar iso que a ti non che cabe en mil palabras.
- Alarma? É a túa forma de enche-lo ego e, con sorte, o peto un pouco tamén. Paréceme perfecto, simplemente sé sincero.
- Estás a faltarme ó respecto, Lauro, e voume poñer de mal humor. Lauro esboza un sorriso malicioso mentres abre a porta do coche.
- Non senta ben pasar a se-lo obxecto da crítica, a que non? Ola, Xulio! Por fin espertaches!
- Deixástesnos sós! - berra Xulio, estoupando a chorar.
- Irene, contácheslle a Xulio o motivo polo que tivemos que saír un momento? - intervén Kobold.
- Tardastes moito - responde Irene fitando en seu pai con ollos vibrantes.
- É verdade, cariño, sentímolos. É que estivemos teimando para que nos deixasen ve-lo zoolóxico, pero dixéronnos que hoxe os animais pasan o día de descanso e de ningún xeito sería posible que interrompesen o sono. Vistes leóns vós? A ver se nos foron mentir...
- Ti mentes! - responde Irene sen atreverse a miralo.
- Como nos puídesdes deixar sós!? - teima Xulio, colorado.

A condución durante a viaxe de volta transcurre en aparencia igual, co silencio reinando dentro do coche e as follas cabalgando por riba co seu son líquido; a diferenza é que tódolos oídos escoitan agora esa banda sonora, que todos participan do momento. A diferenza é que o sentido do silencio no que permanecen virou en redondo, xunto co sentido da marcha. Agora non é un silencio natural e relaxado, senón un silencio irresoluble, cargado de decepción e vergoña. E iso é, sexan conscientes ou non, porque o silencio é agora dominio do Caos. O Caos non atopa fronteira tampouco no ánimo das persoas, nos territorios abstractos.

- *(Por eso lo llamamos así en primer lugar)* - repite Irene no seu interior coma un retroso de significado descoñecido, en agarda dese xeadado que supostamente vai arranxalo todo.

## Xacobe Pato Rodríguez-Gigirey



**XACOBÉ PATO RODRÍGUEZ-GIGIREY**

*Ourense, 1987*

É politólogo e libreiro. 28 anos repartidos en quince enderezos e cinco cidades. Planea escribir unha gran novela ou un ensaio que impresione, pero entre mudanza e mudanza apenas hai tempo para algún relato.

Traballa na librería Cronopios, de Santiago de Compostela.

# As voces estridentes

Intento ler “Adiós, muñeca”, a novela en edición de peto que merquei nunha librería que abriron hai pouco, pero os párpados pésanme e unha leve erección non me deixa entrar na lectura. Cando non son quen de ler, cavilo. E o que cavilo o escribo. Pois a verdade é que escribir prodúceme unha sensación parecida á de poñerme o pixama. Escribir ten algo de poñerse cómodo.

Resulta que nos últimos tempos non deixo de oír falar diso das voces xeracionais, que é algo moi vello que está moi de moda. A última vez foi na serie estadounidense *Girls*, onde a protagonista, guionista e directora, Lena Dunham, autoproclámase Voz Xeracional. Así, polas bravas. Hai que deixar claro que non ven un ao folio a rebatir a ilusionada muller, pero deume que pensar. Decía que cavilaba despacio, sobre min, como se tramase algo non xa importante se non polo menos pouco estúpido. E concluí que son unha persoa do meu tempo no sentido mais pexorativo do termo. Chámome Cibrán (arrastro o nome pola afección dos meus pais a Blanco Amor) e teño vinte e cinco anos, unha carreira universitaria rematada, ciencias políticas, e estou no paro, se é que para estar parado non fai falla terse movido previamente. Ademais, estreei hai un par de semanas o meu primeiro xampú anti-caída.

Son, en fin, un tipo gris, coa tristura engadida de querer revertir a situación, o que non fai máis que agudizar a broma; un *quiero y no puedo* pouco esforzado, un reloxo no pulso dun cadaver.

Son un guicho mediocre, non andarei polas ramas: fixen xa algunhas cousas na miña vida e todas nin moi ben nin moi mal; móvome entre o ben, o mal e o regular con naturalidade felina. Fun sacando o instituto e a carreira mantendo unha media de seis, case sete, o que daba para beca pero non para gaiola. Ao rematar, e seguindo uns instintos conservadores impropios da miña idade (ás veces proxéctome na miña imaxinación coma o *enfant terrible* das letras galegas, cando non fun nin o máis rabudo da miña casa, nin publiquei unha liña!), preparei oposicións á Xunta durante un ano, cun resultado “bo” segundo as opinións do meu entorno e dos preparadores: tan bo, claro, como para non pasar o corte nin do primeiro exame e aplazar o estudo para cando “saian máis prazas”.

A miña inserción no mundo laboral está sendo sensiblemente máis deficiente. Isto non adoito contalo nas entrevistas de traballo, onde teño dabondo con humedecer discretamente os beizos secos mentres adorno aptitudes *sin ton ni son*, pero o meu currículo é tan inconexo que dan ganas de mesturalo, axitar con forza e quedar mirando un anaco a ver que sae: traballei enchendo bolsiñas de caramelos para a campaña de nadal dun xornal galego nun soto lúgubre; traballei inflando globos, tiña que inflar só un por neno pero os cabróns facíanme trampas e perdín un par de anos de osíxeno de calidade; traballei repartindo *flyers* de festas infames ás que xamais asistiría; traballei ofrecendo botellíns de auga nunha festa infantil (alí uns xitanos roubáronme un par de caixas, non sei se reparando ou non en que os botellíns eran gratis); traballei como cliente misterioso, é dicir, indo a diversos establecementos facéndome pasar por cliente para avaliar a atención do persoal, a limpeza do recinto, a calidade do produto ou do servizo, etcétera: acabei levando á miña nai a Gaes a facerse pasar por xorda; traballei como administrativo (bolseiro) nunha gran empresa de prevención de riscos laborais, na que non cheguei a ter ordenador propio; traballei tamén en varias tendas de roupa do Amancio e noutra de sinatura sueca: nesta última soltáronme o primeiro día no probador dobrando prendas e había que verme, non xa colgando alucinado suxeitadores e braguíñas nesas perchas imposibles se non directamente dobrando pantalóns completamente suado de pavor.

Dígoo sen pena, que é como se din as cousas que máis pena dan: son un tío moi corrente, raiando na columna que supón a vulgaridade. Cultura? Pois vin as mesmas películas e series que calquera rapaz da miña idade; son clase media, tirando a media-baixa: algunhas véxoas dobradas ao castelán. Visitei os mesmos museos e sei nombrar aos mesmos pintores ou compositores que calquera. Coa literatura a miña relación é boa, deféndome e a disfruto, pero non lín a Proust nin a Joyce, e non me da picado ó gusaníño.

Coas mulleres, se non se fixa un moito, podería parecer que a cousa vai algo mellor. De primeiras lévome ben con elas e non foi historicamente difícil verme con bonitas morenas, por suposto moito máis intelixentes ca min. Son deses aos que unha cuadrilla de amigos sinala entre risitas dicindo que «todos os parvos teñen sorte». Non obstante teño que confesar tamén neste punto (di Juan Tallón que hai que por toda a basura persoal enriba da mesa) que me beneficio de certa pose, dunha impostura autoimposta. Chegan a min, ou chego a elas, polo que non son, ou pola parte de min, quizais, máis fráxil. Elas ven, ou cren ver, a un tipo reservado, bohemio, case rebelde, mesmo con algo de cabrón que poder suavizar se é que estou a beber moitas copas seguidas e a fumar cigarros sen unha cadencia lóxica, e que fan que ao día seguinte pase varias horas vomitando vencido fronte ao váter. Adoitan ser dous anos o que tardan en darse conta de que son a persoa máis boa que coñeceron, pero non tan intelixente, nin tan profundo como fantaseaban. Entón bican con dozura a miña meixela, cunha mestura de condescendencia e espanto, e lárganse suavemente, como o último resquicio de auga por un sumidoiro atascado con pelo púbico, deixando un irritante son ao seu paso. Ao final acabas por pensar que o mellor é non meterse en leas. Na última relación pasei varios meses en tensión e posando para o seu psiquiatra. Pero esas xa son outras guerras.

\*\*\*

Por cousas como estas barrenaba humildemente e confirmábame a min mesmo como a posible Voz Da Miña Xeración. A miña era unha candidatura a Voz Xeracional perfectamente respetable. Unha voz atormentada e indigna, si, pero unha voz moi representativa ao fin e ao cabo, e non tanto por talento como por cumprir, pesadamente e un por un, os paradigmas da normalidade do meu tempo. As miñas opcións a curto prazo eran irme ao estranxeiro de buscavidas ou mendigar e arruninar á miña familia matriculándome nun costoso máster de nome atractivo (para rematar por irme ao estranxeiro ao ano seguinte). Ser emigrante parecíame algo moi romántico, moi galego, unha oportunidade de enriquecer a miña escritura, pero levo moi mal pasar frío. Ademais xa se escribían ducias de libros sobre tipos que limpan váteres en Londres co diploma de licenciado no sobaco. Espero que por isto non se me risque de inmovilista, ollo *cuidao*, que fixen unha *Erasmus* en Italia. E de todos os xeitos cando un pensa en liscar, por exemplo a Inglaterra, non o ve como un drama, e menos como un acto homérico, ou unha sorte de exilio á soidade: un ten máis casas onde quedar a durmir en Londres que en Compostela, e por moito.

A miña xeración é chamativa e mesmo interesante, como un documental, pero quedou a medio facer, está pouco cocida, crua por dentro. É certo que somos levemente máis altos que os nosos país, pero os nenos despois creceron rapidísimo, coma se tivesen caído en masa nunha marmita chea de hormonas para o crecemento na casa dos Messi. De feito, nove de cada dez nenos matriculados na ESO poderían patearme o cu sen moito esforzo. Esta e outras das miñas mellores reflexións rumíaoas cando volvo a casa de festa: un día souben, por exemplo, que a sinceridade era o espello do ascensor cando chegas ás sete da mañá. Fai que te formules a noite e a vida.

Pero a ver si me centro. Cando te encontras nunha situación como a miña (ou como a nosa: colectivizar a derrota e individualizar as vitorias sempre alivia, e se non preguntádelle ao Goberno), estar parado, ou sexa, podes ter algún día bo, pero o normal é que non. É curioso, porque para min, de neno, o corrente era ver o meu equipo de fútbol gañar copas e xogar partidos de *Champions League*, mentres que agora o rutineiro é velo descender de categoría. Isto traza un paralelismo que explica rígorosamente a dexeneración da miña vida noutros ámbitos: da felicidade maquinal, por non coñecer o seu reverso, a unha dolorosa e consciente derrota, a un descenso, non se sabe aínda se vital.

Por outra banda recoñezo que intento revertir a situación. Cito un exemplo, e non é por avasallar, pero aínda que non curro, poño o despertador as oito da mañá. Deixo que soe un par de veces, como nun ritual molesto, érgome rosmando e subo o volumen da radio ata o punto en que non podo oír os meus pensamentos. Entón vou a cociña a preparar o almorzo, para despois xantar lento, coma se fose Guti naquel xenial anuncio da quiniela. A realidade é que ás veces ao rematar rompo a chorar, de tan desgraciado. Imos ver, madrugo porque un intenta manterse activo, poñerse ao día co inglés, mirar o correo, chequear o *Infojobs* (que ten un olor propio a fracaso), e mesmo, cando o día é especialmente sombrío e nin respirar moi fondo funciona para calmar a ansiedade, sentarse a escribir. Neste período de tristura calada e ansiedade seca, senteime a escribir tan a miúdo que saíron uns relatos para a miña nai polo seu cincuenta aniversario, o que me granxeou o maior éxito literario ata a data: algunhas palmadiñas familiares nas costas. Tamén madrugo porque doutra forma sinto que desvivo, que vivo cara atrás, como unha nécora. Que malgasto a miña a vida, que é unha forma pequeno-burguesa de malvivir.

Hai uns días, en cambio, apaguei violentamente o despertador, que nun aceno xeracional é o móvil, e caín nun sono reparador e sincero, deses de boca aberta e man en paquete, deses que debuxan na cara un sorriso quedo, como de neno parvo. Ao esperarme, sobresaltado como un tendeiro asaltado por sorpresa polo seu propio empregado, comprobei con pavor que pasaban uns minutos das doce e media. «A que liei, meu». Ergúinme cun brinco de canguro novo e corrín desorientado dun lado para outro como un gato asañado cun fío. Pouco a pouco fun comprobando que non había chamadas perdidas, nin mensaxe algunha; ninguén tivera que substituírme en ningún sitio e ningunha vida estaba en perigo pola miña ausencia; o país non se resentía na súa produtividade e o mundo seguía o seu curso frenético mentres eu, nunha marxe invisible, inconsciente e apartado, inútil e desprestixiado, durmía.

Aquel foi, dalgunha maneira, un dos momentos máis crus da miña vida: sóubenme sinceramente prescindible. Entráronme ganas de fumar un cigarro dunha calada, pero acordeime que tiña deixado de fumar había unhas semanas. Se comezara a fumar para ligar, por abraiar aquelas rapazas morenas e fermosas, deixeiño pola pasta. Ao final todo se reduce primeiro a sexo e logo a cartos. Ou primeiro a cartos e despois a sexo, segundo as situacións.

En fin, vivo co meu pai. Os dous sós, man a man. Os meus país separáronse cando eu saía torpemente da adolescencia e, despois de dar algúns tumbos por distintas cidades na época universitaria, volví ao fogar paterno con resignación estoica, sen grandes espaventos, como eses soldados que volven da batalla a un fogar roto, nunha metáfora máis *cursi* que necesaria. Pero pronto comezaron as pelexas. Ao pelexar con alguén é todo tan confuso que é coma se te vises a ti mesmo dende fóra, dende a visión doutro. Máis situacións nas que iso pase? A min pásame fodendo. Pois unha mañá na que estaba eu limpando os baños da casa, confieime ata o punto de non lembrar que tiña que ir á peixaría a pola pescada para preparar a comida. Cando caín na conta, agobiadísimo, quitei as luvax de plástico coma se tivesen formigas dentro e busquei a carteira. Saín de casa e conseguín gañar a peixaría a tempo. Despois

de intercambiar impresións durante un bo anaco coa *dicharachera* peixeira, elixir una pescada ben louzá e volver á casa, mireime nun espello e descubrín, espantado, que convertírame na ama de casa do meu pai. Por pouco non poño un mandil e uso o plumeiro a xeito de micrófono para desafogar a miña frustración diante do espello cantando a todo trapo *No me importa nada*.

Pero dentro do drama persoal e xeracional queda tempo para pequenas e privadas vitorias. Hai días profesionalmente gloriosos destinados aos tipos coma min. Falo de días como un venres soleado do xuño pasado, cando o meu amigo Martiño e máis eu saímos ben cedo a repartir eses *flyers* e cartaces (das festas infames das que vos falara) por bares, para promocionar un festival de verán. Un festival de música *house*, que é algo no que non cremos. Este do reparto de publicidade é un traballo que non engana; visto dende fora parece unha merda, e unha vez dentro podes confirmalo. Hai que puntualizar que supera en condicións a moitos outros, xa que neste sector polo menos pagan oito euros á hora, podes pasear ao aire libre e mesmo deixa espazo á creatividade á hora de pegar o cartaz: «aquí?». «Non, non, mellor súbeo un pouquiño, aí, aí lle gusta». Aínda non rematáramos coa primeira zona cando me chamaron da miña ETT de cabeceira para propoñerme un traballo ese mesmo domingo, desmontando as carpas dun torneo de pádel internacional que se estaba a disputar esa semana preto do estadio de Riazor. Dixen que si e colguei moi feliz, que xa ves ti. O funcionamento dunha ETT, para aquel que non tivese a oportunidade de ter militado nunha delas, é non tanto incómodo como *pavero*. Para cada traballo a realizar tes que pasar antes polas oficinas para asinar o contrato; alí obséquiante cun parte para cubrir con datas, horarios, firmas, selos, nomes e demais datos infernais. Así, ao rematar o noso enriquecedor labor, Martiño e máis eu despedímonos e paseime pola ETT para asinar o meu *contratito* sentíndome unha sorte de flamante fichaxe do Real Madrid ou, pola contra, un home de proveito. Despois, e con ese regusto a satisfacción da xornada laboral (aínda que foran dúas horas escasas) superada, decidín regalarme o día de sol en Santa Cruz, unha villiña costeira a uns dez quilómetros de Coruña onde a miña avoa ten alugada unha casa a pé de praia. Collín as bermudas e o coche e funme para alí a comer en familia. Non terminara de sentar na mesa do xardín, birra en man, e recibindo xenerosos raios de sol, cando volveu soar o teléfono. De novo a ETT. Eu xa temía a cancelación do contrato do domingo, pero ofrecéronme ir a traballar esa mesma tarde e durante todo o día seguinte na preparación da campaña de rebaixas dunha desas tendas do home que comezou coas batas de *boatiné*. Aceptei. Pluriempregado!, berreille a miña nai como un verdadeiro tolo.

Mentres comía a toda présa, visualiceí as horas seguintes: collería o coche, volvería a Coruña e pasaría por casa a cambiarme de roupa, achegaríame ás oficinas da ETT (non recordan? a asinar tamén este contrato) e desprazaríame a un deses centros comerciais dos arredores da cidade que xermolaron na Coruña durante os últimos anos nunha especie de primaveira urbanística.

O resto do fin de semana e do verán foi historia. Paseino tiritando na praia, sempre co teléfono na man (e xa lles digo que non é doado nadar cunha man sempre seca), esperando cada chamada da ETT. Esperando esas chamadas que ofrecen os miolos sobrantes do sistema laboral, como quen mete os dedos nunha porta que se pecha.

\*\*\*

Meses despois retomo estas notas, a escritura deste relato e a reflexión. E todo é diferente, que é a maneira máis vella, elegante e deprimente que coñezo de que todo siga igual. Este é un fin de semana tranquilo e feliz. De un tempo a esta parte unha tenue calma sempre precede a unha tempestade fosforita.

Di Juan Tallón que é un acto heroico o de non dimitir dos sufrimentos. Eu penso que, ás veces, por unha vergoña íntima, aínda que só sexa ante un mesmo, hai que borrar o escrito. Hai anos facíanse bolas de papel e podías acertar ou non na papeleira. Agora é tan sinxelo e tan complexo como un clic.

A miña solicitude a Voz Xeracional foi rexeitada por silencio administrativo.



# Héber Fernández Pérez

# Boi e Muiñeira

O Boi. Non había muller coma ela en toda a bisbarra. Pode que por iso era tan coñecida. Grande coma un mundo. En todos os sentidos.

Durante uns anos, fora Carmiña, a filla do Carmelo do Aguiar e da Milagritos dos Pena. Carmiña era unha nena espelida. Boa, moi boa. E traballadora. Menos mal, porque moi pronto tivo que deixar de ser nena. Tiña cinco anos cando un mal golpe de machada levou á Milagritos para o outro barrio. E nunha casa chea de homes, tocoulle facerse cargo de todo á máis pequena da familia. Inxustizas que ten o mundo. Pero a Carmiña sempre fora unha boa rapaza, obediente e traballadora. Resignada, tamén. Fíxose cargo da casa coma se a Milagritos non tivese existido nunca, coma se o loito que tanto tempo vestiu fose unha decisión estética e non unha imposición social. Realmente, ía de negro polo que dirán. Perdendo á nai con cinco anos, son poucas as lembranzas que a un lle quedan para o resto da vida. Pero isto non ven a conto.

Dicíamos que durante uns anos, o Boi foi Carmiña. Pero só durante uns anos. Moi pronto se fixo evidente que a Carmiña saíra ó avó Pena. Un home alto e delgado, pura fibra, sempre de camisa branca e pano anoadado na cabeza, fose ou non traballar. Odiaba que lle escorregase a suor pola faciana, coma se tal cousa nunca lle pasase a un labrego. De carácter, tiña as súas cousas. Se lle preguntásemos ós veciños diríannos que era un home raro, como o era todo aquel que, naqueles tempos, se atrevía a viaxar lonxe da aldea. Raro, pero moi guapo. Moito. Que porte elegante tiña. Chegaba a romaría do Santo Cristo e non había quen non mirase para el. Ata o cura o miraba, se me apuras. Pero mala cousa ser tan alto cando un se adica a ir ás segas. A Lugo e a Castela. Morreu de pena ó verse encorvado, co lombo partido, incapaz de lucir o porte que sempre tivera.

A Carmiña herdou a súa altura. Non así o corpo estilizado e fibrado. Aí saíu máis ós Aguiar, xente de bo comer de toda a vida, dos que vale máis saltar que arrodar. Ós trece anos, a Carmiña xa era toda unha mullerona, cunhas tetas que ben podían ser as ubres dunha vaca de casa rica e cun pandeiro que, se se poñían, case podían facer a malla nel.

Afeita a encargarse da casa dende os cinco anos, Carmiña pasaba o día indo de aquí para alá, sempre a toque de caixa, apurada coma se fose apagar lumes. Da casa á aira, da aira á horta e da horta ó cemiterio, a prestar respectos a unha nai da que xa non se lembraba. Os demais mozos, máis ociosos pola falta de responsabilidades a esas idades, rían a cachón cando a vían chegar polos carreiros, gorda coma un mundo, enfundada na súa saia de liño gordo tinguido de negro, envolta no seu mantón de la, bufando coas presas. "Eí ven o boi", berraban. "Eí ven o boi!" E aínda había algún vello que subía a un valado asustado, non fose a ser que andivese o boi ás carreiras polos camiños.

A ironía de chamar Carmiña á muller máis grande de toda a contorna non puido coa broma da rapazada nova. A Carmiña pasou a chamarse así só para a familia e o cura. Para os demais, era o Boi. A broma morreu, pero o alcume perviviu ata máis alá de aquel día no que o Boi cruzou a praza da vila ben cedo pola mañá, cargada coma nunca, cun sorriso nos beizos e bágoas nos ollos. Pero isto é adiantarnos.

O que adoitaba a cruzar a praza da vila ben cedo pola mañá, cargado con leite para repartir, era o Muiñeira. Todo un fenómeno. Un deses homes que non saben pasar pola vida sen facerlle saber a todos que están aquí, dos que falan con todo o mundo e dos que non lle calan a ninguén. Nunca o Bispo dera unha hostia tan ben merecida coma o día da confirmación do Muiñeira. E deulla con ganas, deixándolle a man ben marcada. Tanto, que a Rita, a seguinte na ringleira de todos os que se tiñan que confirmar, dixo que con ela non contasen, que xa se confirmaría outro día. Tivérona que agarrar e aínda que o Bispo practicamente nin lle rozou a cara, ela rompeu a chorar coma se lle arrincasen unha perna. Esa foi a dimensión da hostia que lle deu o Bispo ó Muiñeira. E con razón, que non calou en toda a cerimonia.

E é que o Muiñeira non era amigo de calar. Ben o sabían tamén no Cuartel. A teoría do Tenente Táboas era que ó Muiñeira gustáballe durmir quente. Tampouco é que acabase a miúdo nos calabozos. El era de moita festa, pero habituaba fuxir das pelexas.

Sendo un home pequeno como era el, tiña todas as de perder. Pero ás veces perdíao a lingua e acababa metido en leas que non podían acabar con el máis que en mans da Garda Civil. E como alí tampouco era quen de pechar a boca, acababa papando unha tunda. "O falar non ten cancelas!" berráballe ó tenente. "Da gracias que o teu falar aínda ten dentes, Muiñeira". Esa era a resposta máis agradable que recibía. Habíaas ben peores, pero hai roupa tendida.

O Muiñeira era o que se ven en chamar un figura. Un home nacido antes de tempo, pero non deses que se di que lles tería ido moito mellor de nacer unhas cantas décadas máis tarde. Un adiantado ó seu tempo. Non. O Muiñeira naceu antes de tempo porque lle faltaba un fervor. Ou dous ou tres. Algún veciño tiña a teoría de que simplemente lle faltaran un par de labazadas ben a tempo. Quen sabe. Se o problema do Muiñeira era conxénito ou educativo, nunca se esclareceu. O que si sabemos é que este gran amigo dos problemas acabou casando co Boi. E non, non foi de penalti. Por amor. Máis ou menos.

Para entender como o Boi deu en namorar dun home coma o Muiñeira énos ben explicar de onde lle ven a este o alcume. Unha vez máis, a orixe está no falar da xente. Poderíase pensar que ó Alfonso, que así lle puxo o cura na pía bautismal, era un gran bailarador das ruadas pero nada máis lonxe da realidade. Nin muiñeiras nin xotas. E iso que se di que os homes pequeniños bailan ben, pero o Alfonso nunca foi de sacar punto. El estaba sempre ocupado entre cunca e cunca de viño. Laretando con este e con aquel. Só cando caía un agarrado, ás veces, achegábase a unha moza intentando sempre tocar máis alá de onde debía. Pero con disímulo, que a labazada que lle podía dar a moza por tocarlle o cu quedaba en nada cando o pai desta o perseguía polos carreiros co sacho na man. Se nunca lle fenderon a cabeza foi porque o Alfonso era pequeniño, pero lixeiro. Corría coma ningún outro.

O alcume, pois, non lle viña do baile. Víñalle do seu xeito de camiñar. Á vista, era un andar coma outro calquera. Animado, iso si, pero sen nada especial. O detalle viña ó oído.

Será que a xente estaba desexosa de atopar ritmos que despertasen alegría no seu facer de cotío que as mulleres deron en dicir que o Alfonso tiña andar de muiñeira, polo repiquetear das súas chancas contra os adoquíns da praza. Pedra contra madeira a ritmo de téquele, téquele, coma cando se maza o liño.

Fora a Aurorita a primeira en fixarse. Ou, polo menos, a primeira en dicilo. Ela, sempre madrugadora, adoitaba ser a primeira en disporse na praza, coas súas cestas de verzas, leitugas e nabos. Digo adoitaba porque os anos non perdoan a ninguén. Xa daquelas a vista non lle ía moi alá. Pode que por iso tivese a orela tan aguda. Atendía ás conversas das veciñas, enterándose de todo o preciso para rexoubar á tardiña na ruada. Miña pobre, as mans xa non lle daban para tocar e quedaba sen aire ó cantar. De bailar, nin falamos. E no medio de todas as conversas, de se o Antonio lle zoscaba á Basilisa ou de se a Marina do Alfredo se podía dar por viúva, que o Alfredo tiña unha mulata do outro lado do Atlántico e non tiña trazas nin de volver nin de mandar un triste patacón, no medio de todas as conversas un téquele téquele fino e animoso que lle daba ganas de cantar a Aurorita ben baixiño, sen que ninguén a escoitase, que xa non tiña voz para esas cousas. Día si e día tamén, ben cedo, a mesma música. Téquele, téquele, téquele. Ata que un día preguntou quen era aquel que ía camiñando polo medio da praza. O Alfonso? "O Alfonso ten andar de muiñeira", sentenciou.

Ó comezo todo foron risas. Despois, pouco a pouco, o resto de mulleres empezaron a decatarse de que a Aurorita tiña toda a razón do mundo. Cada vez que pasaba o Alfonso pola praza co seu andar animado de muiñeira facíase o silencio. Querían escoitar aquel ritmo tan perfecto. Dáballes forzas para afrontar un longo día máis. Tanto, que pronto se arrincaron a cantar, pelexándose por sacar a primeira copla. Unha copla das verdes, por suposto, das que remataban con todas as vellas mortas a rir. Non fose pensar o Alfonso que se fixaban nel. Non. A elas gustáballes o seu andar. E xa era bastante.

O Alfonso pronto pasou a ser o Muiñeira e así llo presentaron ó Boi unha mañá na praza cando, sorprendida porque todas as mulleres deixasen o que estaban facendo para poñerse a cantar, preguntou por el. "Non che convén, nena, non che convén". A advertencia non podía ser máis clara pero o efecto conseguido foi exactamente o contrario ó buscado. O Boi, xa unha muller

feita e dereita, levaba toda a vida facendo o que lle dicían. Sempre ben mandada, guiadiña coma ningunha outra. E naquel momento decidiu que xa estaba ben, que nalgún momento tiña que facer o que a ela lle apetecese. Que o Muñeira non lle convida? Quen dixo tal? Iso tiña que dicilo ela. E entre o atractivo do prohibido e o medo de quedar para vestir santos, acabou namorada perdida do mozo do Muñeira.

Pero a cousa non foi tan sinxela. Faltaba que o Muñeira se fixase no Boi. El ben a coñecía a ela. Rira coa broma de “eí ven o boi” máis de dúas, tres e vinte veces. E para ser honestos, ela moi guapa non era. Como lle deu entón por casar a estes dous? Aínda que a muller sempre foi tímida, todo o mundo sabía que perdía o sentido polo Muñeira e a el, sen outra pretendente, bastoulle cun desafío. “Seica é moita muller para ti, Muñeira?”

O casamento foi chegada a primavera e aquel mesmo día o Boi deixou a casa de seu pai e seus irmáns e marchou vivir co Alfonso. Non se sabe se é que o Muñeira tiña medo a tamaña faena ou se simplemente o viño de casado lle sabía mellor. O caso é que, aínda que tardaron en exercer coma marido e muller, sendo tal, non procedía que se chamasen por alcumes. Carmiña e Alfonso, así se coñecían de portas para dentro das catro paredes de pedra da súa casa.

Ser, non era moi grande. Pero aínda lle levou uns meses ó Boi converter aquela edificación nun verdadeiro fogar. Pouco a pouco, fóronse acostumando o un ó outro. A facer vida de casados. Acostumáronse ás manías de cada un, á orde do Boi e ó roncar do Muñeira. A espertar xuntos e a deitarse cada quen á súa hora. Ela atendía a casa, a horta e as tres pitas que tiñan. Ía á praza e aínda sacaba tempo para botar unha man de cando en vez na casa do pai. El conseguiu traballo de leiteiro e botaba o día fora. Primeiro repartindo leite e, despois, bebendo viño. As máis das veces chegaba bébedo á casa pero nalgúns ocasións, aínda sacaba forzas para poñerse cariñoso coa súa Carmiña. Ela, na metade xa do primeiro ou segundo sono, espertaba e deixábase facer. Tanta curiosidade sendo moza para que despois resultase que non se sentía nada. Por sorte, el axiña cansaba e ela podía dar media volta e seguir durmindo.

A rutina apoderouse do matrimonio como facía con todos os pobre labregos. A única novidade era se chovía ou facía sol cando non debía. E mala novidade era esta que, polo xeral, significaba botar a perder a colleita. Pero o Muñeira nunca fora de aburrirse, así que se na casa había rutina, el buscaba a diversión fora. Tanto, que chegou un día no que non se deu erguido para ir traballar. E alá foi o Boi, cargar co leite para facer o reparto. E ben rapidiño, que despois aínda tiña que ocuparse da casa, da horta, das pitas, dunha ovella que mercaran e, aproveitando que os días eran longos, aínda trataría de achegarse ata a casa do pai. O Muñeira viu a luz cando espertou e atopou o reparto do leite feito e unha cunca de caldo quente na mesa. Dende aquel día, non volveu traballar.

A vida de marqués non acabou de sentarlle ben ó Muñeira. Sen ter que ir traballar, atopouse ocioso demasiadas horas do día. Máis das que podía adicar a beber. Mudoulle o humor e volveuse arisco. Un toxo, que dirían os vellos. E foi a muller a que tivo que pagar os malos fumes do Alfonso. A primeira vez que lle levantou a man foi o día que a Carmiña decidiu non darlle toda a soldada. Quería aforrar algo e non fundilo todo en viño. A el non lle pareceu ben e, animado polas tres ou catro cuncas que xa levaba bebidas, levantou a man. Non houbo golpe pero a Carmiña, que nunca en tal se vira, achantou e aí foi cando todo se botou a perder.

Ela colleu medo e el parecía que bebía valor. A man levantouna unhas cantas veces máis e un día, tamén baixou. A quen se lle contase que un home tan pequeno batía en tamaña muller escacharía a rir, pero non era broma ningunha. Chegou o día en que as tundas eran o pan de cada día na casa do Boi e o Muñeira. El medrábase ó ver que podía cunha muller tan grande e ela non facía nada porque era guiadiña e ben mandada. Só unha vez se rebelou. Só unha vez fixo o que quixo. E por ese momento, por esa decisión, era polo que estaba agora naquela situación. Se mallaban nela era porque, precisamente, non fixo caso daquela muller da praza que o día que viu ó Muñeira por primeira vez lle dixo “non che convén, nena, non che convén”. E non, non lle convida, pero tarde piaba. Por saírse do mercado estaba agora así, así que non ía saírse outra vez, non fose ir a peor.

Moita tunda levou o Boi, moita. Tanta que xa era un segredo a voces. Todo o mundo o sabía e todo o mundo se compadecía da Carmiña, que xa non parecía unha muller tan grande e tan aterradora. Non, volvíaa ser Carmiña, boa e guiada coma sempre, modelada a base de paus.

Non tivo vida fácil a Carmiña, non. E non foi todo culpa dunha mala decisión. Ás veces as cousas veñen dadas. De onde non hai, non se pode sacar e nacenteo pobre, máis pobre toca morrer. Pero pobre non tiña que significar triste. O día que lle morreu o pai, a Carmiña tal decidiu. Xa nada a ataba a aquela terra máis ca uns irmáns que non resultaron ser moi distintos do marido. Só tinguiu unha muda de negro e foi a que vestiu durante o velorio e o enterro. O resto da roupa, máis algúns aforros agochados e catro cousas da despensa foron parar a unha maleta que colleu da casa do pai, unha que fora do avó e que xa nin pechaba. A Carmiña botoulle unha corda de arredor e o problema quedou solucionado.

Non tivo que esconder moito a maleta. Deixouna medio enterrada na horta, onde sabía que o Muiñeira non ía mirar nin farto de viño, se é que algunha vez podía chegar a fartar. Ó día seguinte, aínda de loito, foi traballar. Ó rematar o reparto, reclamou o que lle debían e despediuse. Volveu para a casa e levou a última tunda da súa vida.

As mulleres da praza non puideron evitar sorrir ó vela pasar. Non ía vestida de loito, pero ningunha se escandalizou. Para ser o Boi, ía ben guapa. Con bagoas nos ollos, pero sorrindo. E iso que ía cargada, coma sempre, aínda que esta vez cambiara o leite por unha maleta de madeira. Cruzou a praza toda chea, ben erguida, camiño da parada do Castromil e cando chegou o autobús, mercou un billete e marchou para non volver. "Aí vai o Boi, aí vai a Carmiña".

Aínda tardaron uns días en atopar ó Muiñeira tendido no chan da casa cun sachó cravado na cabeza e unha cunca tirada xunto á man dereita. Xa algúns bechos comezaran co festín e os veciños que o atoparon, sen mediar palabra, decidiron que nada viran. Mellor deixar que a natureza seguise o seu curso. Pero o curso da natureza cheiraba moi mal e chegou o día no que a Garda Civil tivo que intervir. Atoparon un corpo putrefacto que, pola roupa e a cunca, tiña que ser o do Muiñeira. Decidiron que, nunha tunda, o Muiñeira matou á muller e despois de enterrala nalgún sitio que nunca atoparían, suicidouse. Si, suicidouse cravándose un sachó na cabeza. Tal era o cariño que lle tiñan ó home que ninguén dixo nada e alí, ademais do Alfonso, tamén morreu o conto.

Non foi ata anos despois que a xente se atreveu a falar do tema. Preguntar, todos se preguntaban onde estaría agora o Boi, pero non era diso do que falaban. A historia da Carmiña e o Alfonso converteuse nun conto que contar ós nenos para demostrar-lles que tiñan que coller pola man o seu destino e facer con el o que quixesen. Pero claro, ós cativos o único que lles preocupaba era chegar ó momento no que, por fin, o boi escornaba á muiñeira.



## Rubén Pérez Pombo



**RUBÉN PÉREZ POMBO**

Licenciado en Filoloxía Hispánica, é actor e dramaturgo. Fómase no campo das artes escénicas coa compañía Palimoco e a Aula de Teatro da USC. Na actualidade participa activamente no proxecto de microteatro Microefectos Dramatúxicos así como na compañía profesional Lucecús Teatro coa que acaba de estrear a montaxe *A órbita do lucecú*.

Coordinou proxectos interdisciplinares como Esperta Zoe, *O Rincón Literario* no xornal El Progreso de Lugo e diversos recitais poéticos.

Tamén escribiu pezas como *O pescador de soños* ou performances como *Proxecto Actor* e *Os ollos de Xulia*. Nos últimos anos desenvolveu a súa vertente de xestor cultural coordinando o programa teatral Buxiganga, dende o que organizou máis de 50 cursos formativos e 400 funcións de teatro amador.

Obtivo varios premios con diferentes montaxes da Aula de Teatro do Campus de Lugo así como pola peza Emoticonas, gañadora do 1º Certame de dramaturxia breve organizado pola A.C. A Pipa de Becerreá. En 2014 foi un dos integrantes da residencia artística Estudio Aberto #3 coa performance *Proxecto Actor*.

## O SEÑOR LÓPEZ. POR HOME-CAN.

Coma se fose un sinal, o señor López naceu unha tarde gris do outono de 1929. A súa infancia transcorreu nunha pequena aldea do país. Coa morte do pai, tocoulle herdar o nome coma se doutra cousa se tratase, no momento exacto no que un veciño lle ofrecía o pésame dirixíndose a el, como señor López. A partir dese momento todo o mundo o recoñecería baixo esa denominación. El tiña catorce anos e, logo de pasar unha guerra e outras penurias, asumía a súa nova identidade. Unha semana máis tarde deixaría a escola.

Tempo despois, en calidade de rebeldía, decide brilar emigrando ás Américas. En 1947 o buque "Vera Cruz" saía do porto de Vigo co noso protagonista entre os seus 940 pasaxeros. O transatlántico pasou por Lisboa, Santa Cruz de Tenerife, A Guaira, Curazao e finalmente A Habana. Escollera este destino influenciado por un vello da aldea que volvera con moitos cartos, que lle falaba das mulleres, os puros, as palmeras e do ben que se vivía alí, que apenas chovía e non como aquí, e as praias e as habaneras e os cocos e...

Logo de perder todos os cartos e case ata o apelido, o señor López voltou miserento, un ano despois, no mesmo trasatlántico "Vera Cruz" regresando vía Curazao, A Guaira, Santa Cruz de Tenerife, Lisboa e finalmente o porto de Vigo, onde ninguén o esperaría na dársena de pasaxeiros.

Aos poucos días da aventura americana, o señor López comezou a traballar nunha fábrica de cementos. Alí transcorreu a súa vida nunha gris cadea de montaxe ata o ano 1991, data na que recibiría a nova da súa ansiada xubilación. O señor López tiña 62 anos e xa pasara unha guerra, déralle sepultura ao pai, viaxara ata Cuba, perdera todo o que tiña baixo o son das habaneras, regresara á aldea, casara, enterrara á nai, afeccionárase ás aves con especial predilección pola especie das voadoras, en concreto as galináceas, tivera dous fillos, de vez en cando xogaba ao tute na taberna, os fillos crecieran e marcharan lonxe, perdera a muller, os fillos casaran agasallándoo con netos, aumentou os seus intereses polas aves incorporando varias zancudas á súa colección e, finalmente, xubilouse. O señor López, con 62 anos, ficou só na aldea logo dunha existencia que poderíamos considerar normal, pouco especial, en definitiva como a de calquera outra persoa, acompañado por galiñas, codornices, faisáns, garzas, flamencos ou grúas.

Os camiños da vida son infindos e en ocasións complicados. Podemos resumir dende o coñecemento relativo que a vida do señor López, exceptuando a viaxe a Cuba chea de luz e de cor, foi como a de calquera de nós, con altos e baixos, cuxa mellor definición, inda que pareza cruel e custe asumir, é a de gris.

O Diccionario da Real Academia Galega define a palabra gris como *aquilo que ten a cor que resulta da mestura entre o branco e o negro*.

O señor López nunca diría que a súa existencia fora gris, do mesmo xeito que tampouco o faría calquera de nós que sempre negaría tal afirmación da súa propia existencia. Ante esa idea defenderíámonos inda que fose ignorando semellantes palabras, tal e como reaccionou o señor López un día na Taberna do Franco falando co Madeira, un home de cara afiada afeccionado ao alcol. Aquel día o Madeira, farto de soportar todas as mañás os estrondos das aves do señor López e, empurrado polo *anís del mono*, recriminoulle que dende que morrera a súa muller volvérase tolo, que que era iso de acumular aves e aves nas súas leiras, que para que quería tal cantidade de animais se apenas producían, que un home coma el o que tiña que facer era ter vacas, que as vacas daban leite e becerros e iso é o que debe facer un home de proveito nestas terras, que quen saia deses lindeiros non merece a terra herdada, que estaba deshonrando aos seus antepasados, que el nada fixera nesta vida máis que traballar nesa fábrica gris para levar unha vida de merda, que lle ía estoupar o enreixado se o volvían espertar os sons dos colibrís e os pavos reais e os...



Neste punto o señor López decidiu non defenderse máis, non pagaba a pena, e abandonou a Taberna do Franco escoitando, cada vez máis lonxe, os improperios daquel veciño afiado. Non entanto algo das súas verbas provocou unha fonda reflexión nos días seguintes ao encontro. Os pensamentos do señor López xiraban únicamente ao redor das aves e da palabra vida en todas as súas acepcións que, segundo o Madeira, a súa fora gris e de merda.

Un día camiñando entre o espazo dirixido á garcilla malgache ou *Ardeola Idae*, propia das illas de Madagascar e que habitualmente podemos atopala hibernando en África, e a garza de Sumatra ou *Ardea sumatrana*, natural de Indochina, Indonesia, Filipinas, Nova Guinea ou norte de Australia, o señor López observou un excremento dunha destas aves. Reflexionou ao redor do ciclo da vida e en todo o que aquilo significaba e que rematou denominando como "o círculo da merda". Un cultiva a terra, a terra agasállanos con diferentes alimentos, logo consumimos estes alimentos que a súa vez provocan unha defecación natural que ten como conclusión a merda, excelente abono natural que utilizamos para activar o ciclo natural da vida e así sucesivamente ata o fin dos tempos, arredor de si. O señor López cría ter unha resposta axeitada ante o desafío proposto polo aguzado Madeira, porén pensou que era mellor deixar as cousas como estaban. O afiado non entendería a súa explicación.

Seguiron pasando os anos e o señor López aumentou o número de aves que colleccionaba tanto nas súas terras coma no seu fogar. Nesta ocasión apostou fortemente polas aves trepadoras e as rapaces. Realizou algunhas modificacións nos seus esquemas para a correcta convivencia das diferentes razas. Incluso adquiriu algunha terra aos veciños para que estes animais puidesen vivir en plena harmonía e ledicia, tal e como se entendía que debía ser a felicidade destes animais vertebrados e de sangue quente. Afirmamos sen dúbida ningunha que o señor López vivía a través das diferentes aves que tiña nas súas terras. Elas eran a súa verdadeira familia ao atopárense os fillos e os netos a miles e miles de quilómetros, repartidos por diferentes puntos da xeografía do planeta.

Un día do ano 2000, xa con 71 anos, o señor López sufriu o ataque dun flamenco americano, típico das illas Galápagos ou do Caribe. Ante ese ataque os veciños da aldea decidiron avisar aos fillos do señor López sen que este o soupera, pois a conclusión de todos era que a situación actual non podía continuar, que o seu pai xa tiña unha idade para coidar el só preto de 300 razas de aves, que se estaba volvendo tolo e que apenas falaba cos veciños, que unicamente vivía para os seus paxaros ou aquilo que fose o que tiña nas fincas e no que non eran fincas, porque si, escoite ben, o seu pai mete os bichos na casa, parécelle normal? E seguro que non está vacunado... Si, si, sabemos que sufriu moito dende o de súa nai, pero a ver, que ten a casa chea de bichos raros, dos que non se ven en ningures, calquera día aparece morto ou convértese en merenda destes, que xa non se achega á taberna nin fala ren con ninguén e así vai acabar mal porque...

Aos poucos días o señor López xa estaba recuperado. Decidira aislar uns días aos flamencos americanos como castigo polo ataque para, unha semana despois, voltar ao equilibrio e a normalidade do seu territorio.

Como consecuencia da chamada dos veciños, os fillos apareceron na casa, logo de estar anos sen pisala, cunha forte ameaza: ou abandonaba a súa obsesión por acumular aves ou acabarían por denunciálo á Garda Civil para que o ingresaran nunha residencia de anciáns, que el xa non tiña idade para vivir tal e como o facía, que dende que morrera mamá el non voltara ser o que era, que tiña que cambiar, que non lles collía o teléfono e que non servía de excusa o prezo da chamada dende o estranxeiro, que porque non ía vivir con eles a algún punto do planeta, que el xa viaxara de rapaz á Habana, que porque non quería estar con eles e cos netos, que lle querían moito e que...

Tal e como fixera ante as palabras do afiado do Madeira o señor López non dixo nada. Nesta ocasión marchou senlleiro ver a sepultura da súa muller e alí ficou varias horas. Despois visitou, unha por unha, ás 317 especies de aves que tiña repartidas polas súas terras. Voltou xunto os seus fillos e díxolles que non, que aquela era a súa vida, que non deixaba todo o que tiña alí, que se querían eles

quedaban ao cargo das terras e das fincas ao que os fillos responderon que non, que eles tiñan que voltar ás súas respectivas cidades repartidas polo mundo, ao que o pai lles respondeu que se acordaran del ao voltar ás mesmas, enviándolle un ñandú común ou *Rhea*, típico do país dun, xunto cun kiwi ou *Apterygidae*, propio do estado do outro. Os fillos marcharían da aldea deixando, de novo, un señor López senlleiro con 317 especies de aves. Nunca máis se voltarían ver e endexamais se produciría o envío das peticións do pai.

Pasou o tempo e, pouco a pouco, o señor López comezou a atoparse cada vez máis canso. Xa tiña unha idade pois ía o ano 2014 e o noso protagonista acumulaba 85 anos. Ao principio da súa vida gris nunca pensara en chegar tan aló, en ocasións reflexionaba ao redor dos progresos da humanidade, as melloras na alimentación e esas cousas que provocaran que el vivise tanto. Se cadra non levará a mellor vida, en definitiva gris, si, pero finalmente unha vida como a de calquera outro. Unha tarde de inverno colleu un taxi para ir á cidade coller os resultados dunhas probas que lle fixeran un tempo atrás. O señor López foi, coma sempre, só, acompañado únicamente por un chaquetón de inverno.

Esa mesma tarde, xa no hospital, sucedeu o irremediable e comunicáronlle que non tería remedio. O seu corpo tería data de caducidade e ese momento non estaba moi lonxe. O señor López, logo de recibir a nova, dedicou eses segundos posteriores á lembranza da defunta muller e a súa actual familia, as 319 especies logo de conseguir, non sen esforzo, un ñandú común máis un kiwi, que non se debe confundir coa froita.

E foi ahí cando todo cambiou. O señor López, no camino que vai dende o hospital até a súa casa, sufriu o que moitos chamarían involucionar pero que para outros consiste en evolucionar. O señor López chegou a súa casa convertido en *ferminia* ou *ferminia cerveri*, unha das aves máis fermosas que hai no planeta. No taxi, aproximadamente a medio camino entre o hospital e a súa casa, aparecerónlle as primeiras plumas agochadas baixo o seu chaquetón de inverno. Na Praza da Fonte, xa na aldea, saíronlle as patas, causando certo estupor entre os veciños alí reunidos para discutir en asamblea unha posible mobilización en contra da nova familia do señor López. Non entanto todo seguía igual, o mundo civilizado non cambiaba namentres o señor López involucionaba cara un animal. Na Corredoira das Flores, ao carón da súa casa, o señor López xa era unha doce *ferminia*. Non sen dificultade, abriu a porta da súa casa introducindo a chave, suxeita por unha ala. Subiu os chanzos até o segundo andar, cómpre salientar que iniciou o ascenso entonando unha fermosa habanera, ata que se viu sorprendido por unha garza á que saudou cun profundo graznido, e entrou no seu cuarto.

Alí pensou que a organización do espazo non era a mellor posíbel para o tipo de animal que era, precisaría cambios. Camiñou pola habitación ollando minuciosamente todo o cuarto e pensando na inutilidade do mesmo. Foi á ventá e pensou:

-Agora ou nunca.

E naquel intre o señor López dispúxose a voar.





*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE TEATRO*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Manuel Guede Oliva  
Camilo Franco Iglesias  
Antonio Vázquez Turnes

**Secretaria:**

Ángela Fernández Rey

## Vacaloura Teátrica



VACALOURA TEÁTRICA

Vacaloura Teátrica é unha compañía de Teatro e Asoc. Cultural fundada en Novembro de 2014, por Amantia Coello e Félix Álvarez, actores da xa desaparecida Teatro da Falúa e Manuel Morán de Pinchacarneiro Teatro. Ambas compañías son vellas coñecidas do certame Xuventude Crea, sendo finalistas e obtendo varios premios nestes últimos cinco anos.

Posteriormente incorporáronse máis membros, ata completar a formación actual de cinco actores mailo director. Vacaloura Teátrica nace coa finalidade de crear obras propias con interese educativo e un enfoque pedagóxico, apoiándose en outras disciplinas e correntes artísticas.

*Mousiké e as Kronomusas* é a súa primeira obra en conxunto, froito da súa paixón polo teatro e a música, actividades na que os seus compoñentes levan anos inmersos, e na que asistimos a unha viaxe no tempo o través da historia da música, dende a súa orixe na pre-historia, pasando por Exipto, Grecia, a Idade Media, e os séculos XVIII e XX. Unha aventura chea de humor, coreografías, personaxes e música de tódolos tempos.

A obra foi pre-estreada en Marzo de 2015 no XII Festival Teatrofilia de Vedra, para logo ser estreada no Salón Teatro de Santiago de Compostela, en Abril do mesmo ano. Finalmente, veñen de acadar o primeiro premio do certame de xoves creadores, Xuventude Crea.

Entre os seus membros atópanse Félix Álvarez, director, dramaturgo e multi-instrumentista; Amantia Coello, actriz, cantante e axudante de dirección; Manuel Morán, actor e multi-instrumentista; Elvira Costa, actriz e bailarina; Marcos Monteagudo, actor e percusionista; Marta Álvarez, actriz e cantautora.

# *Mousike e as kronomusas*



## Pinchacarneiro Teatro



### PINCHACARNEIRO TEATRO

Pinchacarneiro é, sobre todo, unha compañía dedicada á creación, representación e promoción do teatro en galego. Caracterizámonos por unha liña temática propia centrada no humor como vehículo de expresión. A sátira, a caricatura, a retranca ou o absurdo son algunhas características que definen a nosa liña de traballo. Non temos ningunha pretensión de dar leccións sobre teatro. Simplemente ansiamos crear un espectáculo moi persoal que encante ó público.

#### CURRÍCULO DA COMPAÑÍA:

*Policia*, ano 2010 (Slawomir Mrozeck, adaptación de Cándido Pazó). Premio á mellor interpretación masculina (Saúl Piñeiro) na XI Mostra de Teatro Universitario de Galicia.

*A Comedia do Gurgullo*, ano 2011 (Plauto, versión de Celso Parada).

*Baixarse ao moro*, ano 2012 (Adaptación da obra de José Luis Alonso de Santos). Gañadora na XIII Mostra de Teatro Universitario de Galicia dos premios á mellor dirección (Alberto Martínez), mellor interpretación masculina (Ramón Insua) e mellor interpretación feminina (Natalia Ibáñez).

*Proxecto 45*, ano 2013 (David Carrera e Pinchacarneiro teatro). 2º premio do certame Xuventude Crea 2013. Ademais do premio á mellor actor (Ramón Insua), mención especial á interpretación feminina (Natalia Ibáñez) e mención especial ó vestuario (Marta Gómez e Natalia Ibáñez) na XIV Mostra de Teatro Universitario de Galicia.

*Tralo telón*, ano 2014 (David Carrera, Pinchacarneiro e colaboradores). 2º premio do Xuventude Crea 2014. Na XV Mostra de Teatro Universitario, premio ao mellor actor (Ramón Insua), mellor actriz (Marta Gómez), mellor dirección e mellor espectáculo. 2º Premio do XVII certame Candilejas-Don Bosco.

*Vilar de Inferno*, ano 2015 (David Carrera). 2º premio do certame Xuventude Crea 2015.

# Vilar de inferno





## Fusco e Lusco



### FUSCO E LUSCO

O grupo xorde en xaneiro do ano 2015 co obxectivo de coñecer a Federico García Lorca e o seu teatro a través de *Vodas de Sangue* e levala a escena na *XIV MOTECEs (mostra de teatro para centros de ensino secundario do Concello de Ourense)* e aos "XX Encontros Teatrais" de BANDE no mes de maio.

Os actores e actrices son mozos e mozas de entre 16 e 23 anos, amantes do teatro, que cursan ou xa cursaron na Universidade Laboral de Ourense, IAD (*iniciación á arte dramática*), materia optativa en 4º da ESO. Hai, ademais, estudantes do bacharelato artístico, científico ou humanístico, así como de ciclos formativos.

A dirección da obra corre a cargo de Matilde Vázquez Iglesias, profesora de IAD, catedrática de Ciencias Naturais e diplomada superior en Técnicas de Expresión Globalizada.

*Vodas de Sangue* estrease o 14 de maio de 2015 na *MOTECEs*, levándoa despois a Bande, a U.L. de Ourense, "CDR o Viso" de Lodoselo, Liceo Recreativo Ourensán, Auditorio de Cambeo, C. Cultural "S. Pío X", A. Cultural Seixalvo e Casa cultural de Outes como finalista do programa Xuventude Crea 2015, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia, gañando o terceiro premio compartido.

# *Vodas de sangue*



## Non si? Teatro



**NON SI? TEATRO**

En 2006 nace a "Aula de Teatro de Baiona". Do curso de Interpretación nace "Non si? Teatro", grupo de nivel avanzado de interpretación, onde se traballan técnicas e estilos dirixidos á montaxe teatral e á creación escénica. Mónica Sueiro, con ampla experiencia pedagóxica e profesional na escena, asume desde o inicio a docencia, a dramaturxia e dirección de Non si? Teatro.

- 2015 *Variacións dun Soño sen título*  
(3º Premio de Teatro na edición Xuventude Crea 2015).
- 2014 *Underground*, versión libre de Alicia no país das marabillas.  
(Finalista na edición Xuventude Crea 2014).
- 2013 *Turandot* de Bertolt Brecht. (Finalista no Xuventude Crea 2013).
- 2012 *Transilvania* (Finalista na edición Xuventude Crea 2012).
- 2011 *Ubú rei* de Alfred Jarry.
- 2010 *Xogando Shakespeare*, percorrido polo teatro de W. Shakespeare.  
(2º Premio de Teatro na edición Xuventude Crea 2010).
- 2009 *Lorqueando paseniño* Retrospectiva das obras de Federico García Lorca.  
Desclownpirateando a vila. (Pasarrúas para a 2ª edición de Baiona a escena. Concellería de Cultura de Baiona).
- 2008 *Como gustedes* de William Shakespeare.
- 2007 *Pic- Nic* de Fernando Arrabal. (1º Premio de Teatro no Gzcrea).

# *Variacións dun soño sen título*







*MEMBROS DO XURADO DO CERTAME XUVENTUDE CREA 2015  
ESPECIALIDADE DE VIDEOCREACIÓN*

**Presidenta:**

Yolanda Otero Balsa, subdirectora xeral de Programas para a Xuventude, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social.

**Vogais:**

Ignacio Vilar Díaz  
Julio Casal Fernández-Couto  
Paco Freire Magariños  
Andrés Fraga Pérez

**Secretario:**

José Manuel Ramberde Sexto

## Inés Mirás Vieites



**INÉS MIRÁS VIEITES**

Estudiante de produción audiovisual, ademais de música poliinstrumentista e compositora. A súa máxima aspiración é chegar a ser compositora de bandas sonoras.

Vén de recibir o primeiro premio en videocreación de Xuventude Crea 2015 como representante da curtametraxe "Volta Atrás", un proxecto conxunto realizado xunto a María José Pérez Ferreira e Vicente Sebastián Vázquez.

Inés comeza a súa carreira musical con sete anos na Escola Municipal de Música de Ordes, na especialidade de clarinete. Aos 11 anos, realiza a proba de acceso para entrar en 1º de Grao Elemental no CMUS de Santiago, escollendo como instrumento a guitarra clásica.

Nove anos despois, e xa na actualidade, Inés cursa 5º de Grao Profesional de guitarra. Durante este proceso compaxinou os seus estudos musicais coa realización do Bacharelato de Artes Escénicas no IES Antón Fraguas. Ademais do conservatorio, tamén está a cursar o último ano do CPR Raio Verde, Escola Superior de produción de audiovisuais, eventos e radio.

Ademais dos seus estudos, dedica parte do seu tempo a participar en proxectos audiovisuais, compoñer bandas sonoras por encargo, e a tocar como baixista no grupo de rock alternativo Ivy Moon.

*Volta atrás*





## Denisse Lozano Hermida



DENISSE LOZANO HERMIDA

Graduada en Comunicación Audiovisual pola Universidade de Santiago de Compostela.

Xa nesta etapa universitaria comezou a encamiñar a súa actividade cara ao eido da imaxe, formándose en fotografía e iluminación.

Ao rematar o grao especializárase en cine, adquirindo formación na dirección e na crítica. Actualmente está a cursar estudos de dirección de fotografía, compaxinándoos co desenvolvemento de diversos proxectos.

*Alén das pantallas*



## Estela Suárez Recouso



ESTELA SUÁREZ RECOUSO

Licenciada en Filoloxía Galega, cun Mestrado Universitario en profesorado de Educación Secundaria. O seu currículo complementábase con formación en desenvolvemento de produtos editoriais multimedia, novas tecnoloxías aplicadas á educación e creación audiovisuais no ensino.

Conta con publicacións no ámbito da literatura infantil e xuvenil, a súa última obra *Non quero xogar ás agochadas* coa Lúa (2015) Editorial Fervenza.

Con premios literarios e audiovisuais como o 2º Premio do III Concurso de Curtametraxes "E ti que ves?" Adegas (2015) e o 1º Premio á mellor curta V Certame de Curtas para Rosalía. AS-PG (2015).

*Extrusión social*



# María del Pilar Boulosa Álvarez



**MARÍA DEL PILAR BOULOSA ÁLVAREZ**

## ESTUDOS

PgDip Design for Visual Communication - University of the Arts of London (2013)

Licenciatura en Belas Artes, segundo ciclo - U. Politécnica de Valencia (2008-2010)

Licenciatura en Belas Artes, primeiro ciclo - Universidade de Vigo (2005-2008)

## PREMIOS E SELECCIÓNS

### 2015

Mención Especial *Valencia Crea 2015*. Categoría: videoarte.

Selección *Proyectos Expositivos 2016 Mapfre Guanarreme*.

Selección *III Convocatoria Arte Emergente*. Fundación Casa Pintada de Mula.

Premio xurado *X Certamen Instalaciones Mujer* C. C. H. Cardenal Gonzaga.

### 2014

1º Premio escultura *Jóvenes Creadores* - Concello de Salamanca.

Finalista Artes plásticas Xuventude Crea 2014.

Mención especial *Premi EMBARRAT d'Arts Visuals i Sonores*.

Selección *Mulier, Mulieris* MUA.

Selección *Muestra de Artistas Independientes* - LaBoral C. Arte Creación Industrial.

### 2013

Selección *Hype* UAL, Londres.

*Accésit XII Certame de Artes Plásticas da Deputación Ourense*.

### 2011

Selección *X Certame de Artes Plásticas da Deputación Ourense*.

Selección *V Certamen A. Plásticas Mujeres y Arte* - Torrearte.

### 2010

Selección *IX Certame de Artes Plásticas da Deputación Ourense*.

Selección *XIII Mostra d'Art Públic per a Joves Creadors Art Públic- UV*

## EXPOSICIÓNS

Desde 2004 teño numerosas exposicións individuais e colectivas, distribuídas entre diferentes localizacións de España e Inglaterra.

## OBRA EN DEPÓSITO

Concello de Salamanca

Deputación de Ourense

U. Politécnica de Valencia. Facultade de BBAA. Departamento de debuxo. Área de gravado.

*Luscofusco*

